

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXI)



*Correspondencia habida entre
Xosé Mª Álvarez Blázquez
e Isidoro Millán González-Pardo*

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXI)

*Correspondencia habida entre
Xosé M^a Álvarez Blázquez
e Isidoro Millán González-Pardo*

PRÓLOGO de Xosé M^a Álvarez Cáccamo

EXERGO de Rosario Álvarez

EDICIÓN de X.L. Cochón Touriño

**COLABORACIÓN de Alejandra Cillero Prieto e
Lorena Domínguez Mallo**

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Girgado
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:

Valentín García Gómez

Coordinador científico:

Manuel González González

Director Técnico de Literatura:

Anxo Tarrío Varela

- © Textos: Xosé María Álvarez Blázquez
e Isidoro Millán González-Pardo
- © Prólogo de Xosé M^a Álvarez Cáccamo.
- © Edición de X.L. Cochón Touriño coa colaboración de Alejandra Cillero Prieto e
Lorena Domínguez Mallo.
- © Exergo de Rosario Álvarez Blanco.
- © Ilustración da cuberta de Xulio García Rivas.

Maquetación e impresión:

Gráfica de Asturias, S.L. (Santiago de Compostela)

ISBN:

978-84-453-5039-3

Depósito legal:

C 811-2012

Correspondencia habida entre
Xosé M^a Álvarez Blázquez
e Isidoro Millán González-Pardo

Índice

Táboa gratulatoria _ _ _ _ _	7
Nota de edición _ _ _ _ _	8
Prólogo _ _ _ _ _	9
Unha longa conversa de amizade e cultura. Correspondencia entre Isidoro Millán González-Pardo e Xosé María Álvarez Blázquez, por Xosé M^a Álvarez Cáccamo . _	11
Correspondencia entre Xosé M ^a Álvarez Blázquez e Isidoro Millán González-Pardo _	19
Exergo _ _ _ _ _	85
José Ramón Franco. Retallos de conversas en galego, Pontevedra 1849, por Rosario Álvarez Blanco . _ _ _ _ _	87
Apéndice _ _ _ _ _	103
Carta de Xosé M ^a Álvarez Blázquez a Ramón Piñeiro (22.XII.67) e resposta de Piñeiro (27.XII.67). _ _ _ _ _	105
Índice onomástico _ _ _ _ _	109
Índice cronolóxico de cartas _ _ _ _ _	113



Esta fotografía, con Isidoro Millán e Xosé María Álvarez Blázquez, procede do arquivo dos herdeiros de Álvarez Blázquez, e foi reproducida en Xosé María Álvarez Blázquez. 1915-1985. Unha fotobiografía, Xerais, Vigo, 2008.

TÁBOA GRATULATORIA para Rosina Otero Abalo, condesa de Quirós, pola parte de Isidoro Millán González-Pardo, e para os fillos de Xosé María Álvarez Blázquez, os Álvarez Cáccamo, pola outra. Todos eles fixeron posible esta edición, ó poñer ó noso dispor os arquivos familiares.

A Xosé María, fillo, débémolle UNHA LONGA CONVERSA DE AMIZADE E CULTURA, peza moi ben labrada que fai de prólogo a este libro. A Rosario Álvarez Blanco, o admirable estudo sobre Xosé Ramón Franco, autor oitocentista pontevedrés, ata agora descoñecido na literatura de noso.

NOTA DE EDICIÓN

As cartas transcríbense tal cal, *ne varietur*, como foron escritas no seu día, con respecto absoluto ós orixinais. Fixemos expurgo dos poucos erros ou grallas percibidos. As notas ó texto, que van no rodapé, son as mínimas, na medida na que o prólogo, por si, é moi substancial, e porque as cartas coméntanse por elas. O libro *Memoria de poeta* de X. M. Álvarez Cáccamo, de lectura fértil e transparente, parece obrigado, en parte, para poñerlle marco máis minucioso a este epistolario. Estamos certos de que algunha das cartas téñense perdido ou extraviado, aínda entre persoas tan coidadosas e disciplinadas de seu.

O azar, ventureiro por si, e venturoso, puxo nas nosas mans o primeiro fascículo de *EL CARNAVAL*, novela por entregas, publicado en Pontevedra, en 1849, na imprenta de don Francisco Agustín Ruíz. Trátase dun *feuilleton* (folletón ou folletín) que xunta historias narrativas de sucesos, intrigas, enredos dramáticos sorprendentes ou inverosímiles. O título, *EL CARNAVAL*, tipograficamente destacado, leva un antetítulo *AAAAAAA!* e un subtítulo *EL SIMPAR* (*sic* por *SIN PAR* ou *IMPAR*) *ROMÁNTICO*. Esta primeira entrega, polo que ata agora sabemos, é tamén última e única. O autor, polo que di e non di, resulta ser Xosé Ramón Franco Méndez, pontevedrés da Moureira, , avogado e escritor festivo, rexoubeiro, cauto e embrollante que morreu novo.

O asunto non daría para máis se non fora polos dous *PARRAFEOS* e un *COMENTO*, intercalados, na prosa castelá do fascículo, que Álvarez Blázquez, a modo de apéndice, entre as cartas VIII e IX, transcritas, anotadas e glosadas con probidade e habelencia sabidas por don Xosé María, e postas ó dispor de Isidoro Millán para mellor ver e estimar. O catedrático pontevedrés e compostelán, debeu quedar concorde e conteste xa que ningunha observación, nota ou suxestión deixou por escrito entre os seus papeis que vimos de revisar.

O que sen dúbida importa, e moito, é que estes tres textos están escritos e imprimidos en prosa galega do noso Pre-Rexurdimento, nesta vez, novamente estudadas a sabor por dona Rosario Álvarez a pedido do editor: grazas sexan dadas. (Véxase o *EXERGO* –no sentido recto– neste libro).

Prólogo

Xosé María Álvarez Cáccamo

UNHA LONGA CONVERSA DE AMIZADE E CULTURA

CORRESPONDENCIA ENTRE ISIDORO MILLÁN GONZÁLEZ- PARDO E XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

As cartas cruzadas entre Isidoro Millán González-Pardo e Xosé María Álvarez Blázquez desde o 22 de agosto de 1961 ao 6 de xuño de 1984 traen noticia saudosa de vida en labaradas que prenden na memoria e alentán o rumbo imaxinario do regreso, da duración sen morte. A correspondencia entre os dous amigos labra un curso quebrado en despaciosas pausas de silencio, acelerado noutras ocasións en conversa de comunicación continua, nutrido sempre polo alimento do entusiasmo intelectual, o afán de coñecemento preciso e a erudición de detalle. Pescudas arredor de achados no territorio inesgotábel do Romanceiro, descubertas decisivas no eido da literatura galega dos séculos escuros –querenza apaixonada e teimosa de Xosé María desde a súa mocidade–, pormenorizadas hipóteses etimolóxicas, indagación de claves de orixe para topónimos e antropónimos, investigación histórica, proxectos editoriais ... son os motivos de cultura que enchen as páxinas desta correspondencia. Álvarez Blázquez acode ao maxisterio filolóxico de Millán en demanda de axuda puntual, de colaboración con traballos complementarios ás edicións de Castrelos, de préstamos de publicacións de difícil acceso. Isidoro achega información exhaustiva e cabalmente argumentada.

Nas marxes mesmas do discurso intelectual, algúns asuntos de vibrante carácter polémico, como o desgusto que lles produce a resentida actuación dun sector da sociedade literaria fronte ao veredicto do xurado (do que ambos formaran parte) que en 1970 outorgou o premio Galicia do Centro Galego de Buenos Aires á novela *Adios, María*, de Xohana Torres, ou a exposición dos motivos de peso radical que provocaron a presentación da baixa voluntaria como membro numerario da Academia Galega por parte de Millán, fan unha das liñas de comunicación máis intensa e viva entre as que deseñan a figura deste epistolario amical. Que nos agasalla cunha escena de distendida heterodoxia: o simpático relato do roubo, de provisorio usufructo, dun documento depositado no arquivo do Museo de Pontevedra, un texto impreso de José Ramón Franco, datado en 1849, que inclúe varios diálogos en galego, tesouro ansiosamente perseguido polo especialista en Literatura Galega da Decadencia. En carta do día 12 de abril de 1968 confesa Xosé María: “O conto foi que, cando xa decidía marcharme do Museo, vin a caixa de ‘Carnavales’ e tiveron un pálpito. Botéi man dela, abrina e o primeiriño –como cho digo– era a *novela* do noso home. Dunha olleada topéi cas primeiras liñas en galego, e non quixen saber máis. Ca conciencia turbada i o corazón ledó, fixen de ‘Cicerón’-Millán. ¡Ao peto con el! E aquí está. Hai que devolve-lo ao sitio, pro denantes quérolle tirar unha xerocopia das páxinas que interesan”. Vaia desde aquí, en eco de retorno, o meu aplauso de fillo orgulloso diante da imprescindíbel travesura do pai que soubo compensar a turbación da conciencia coa ledicia do corazón entusiasmado.

A comunicación de albo erudito que ocupa o epistolario de Isidoro e Xosé María ten forza de intensa capacidade evocativa. Sitúome doadamente a carón das súas mesas

de traballo e son quen de partillar con eles a inqueda da indagación intelectual, o gozo da descuberta exitosa, instalado eu, sen dúbida, en posición de aprendiz. Participo desde máis perto, en cambio, desde moi adentro, no itinerario da fragmentaria crónica confidencial do meu pai, que abre as páxinas dun nostálgico álbum familiar. O 28 de xaneiro de 1966 transmitelle ao amigo Isidoro noticia da súa soidade de forzado axente de vendas de peixe conxelado en Oviedo: “O certo é que me veño a vivir eiquí, porque a vida así o manda”. Os fillos medraban en dirección ás portas da Universidade e a precaria economía do secretario da Confraría de Pescadores “San Francisco” de Vigo, quen completaba os seus ingresos en esforzadas xeiras como colaborador de prensa e radio, non daba xa para manter a familia. Entre xaneiro de 1966 e o verán de 1967, o polifacético e infatigábel escritor Xosé María Álvarez Blázquez substitúe “as Musas polas merlusas”, tal como sinala o ripio humorístico na carta dirixida a Isidoro Millán. O xogo de rimas e outros recursos de estilo e enxeño servíronlle tamén ao noso pai ao longo da estada ovetense para organizar os textos dos eslogans publicitarios que lle encargaba a axencia Gil Lus, actividade complementaria como tantas outras ás que tivo que dedicar as horas pragmáticas da vida. Nós, os fillos e fillas, e non tanto a nosa nai María Luisa (Máis en apelación garimosa do meu pai que Isidoro comparte nalgúñas ocasións), viviamos, en Vigo, pouco conscientes da dimensión da dor que supuña para o pai, tan lonxe do mundo de seu, “sacrificar todo: aficiós, leceres, amigos, irmáns, primos e demais parentes”. Nalgún momento soubemos, si, da súa mágoa de solitario inquilino do Hostal Asturias e da súa ansia por ternos a todos reunidos no piso que alugou no verán de 1966 na rúa Río San Pedro 1, 4º A, no mesmo portal onde vivía o poeta e director de *La Voz de Asturias*, Xosé Díaz Jácome, coa súa familia. Na mesma data da carta destinada a Isidoro Millán, 28 de xaneiro, escribiu outra dirixida a min que, en resposta a un poema que eu lle enviara, contén sabios, amorosos e prudentes consellos correctores dos meus defectos de poeta adolescente: “Os nomes xeográficos raramente axudan ao bon estilo lírico, a non ser nos vellos romances ou na poesía de tipo popular”.

Máis animado se mostra don Xosé María na do 10 de xullo, próximo xa o reencontro cos seus: “Setembro, mes fermosísimo pra min, pois nel terei eiquí a familia, pola que suspiro coma un paxaro caído do niño”. Coa autoridade que me conceden os anos (hoxe teño dez máis que os que contaba el en 1966) debo desaprobar, aínda que se trate de liñas inseridas en literatura de carácter íntimo e privado, a combinatoria tópica e hipersensitiva de suspiros e paxaros caídos do niño, o que fago coa mesma disposición de agarimo que usaba el comigo no comentario dos meus poemas. A suspirante imaxe expresa, porén, o sentimento de ansiedade dun home entregado con dedicación constante e manifesta ao amor da prole.

Polo benestar da familia e en procura dun ámbito laboral máis acaído ao carácter da súa formación e intereses, naquel ano de 1966 decidiu o noso pai retomar os estudos universitarios que se vira obrigado a abandonar nos anos do levantamento fascista e a guerra civil, proxecto que nunca nos transmitiu aos fillos e que coñecín por unhas notas achadas nunha das súas carpetas, confirmado agora coa lectura desta carta. Acabado de

estrear como mestre en 1934, en abril de 1936 matriculárase como alumno libre de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Mobilizado polo exército de Franco durante os tres anos da guerra, aprobou en 1939 as asignaturas do primeiro curso pero xa non puido continuar, pois foi condeado a desterro nunha escola da provincia de Zamora por “militar en organizaciones afectas a la República, ser galleguista-separatista y mostrar actitudes contrarias a la Causa Nacional”, en sentenza de depuración (cruel concepto, de xinea inquisitorial) que viña sumarse a outras dores de violenta raíz, sobre todo a provocada polo fusilamento en outubro de 1936 do seu pai, o doutor Darío Álvarez Limeses, vítima do terror franquista. Interrumpido o cumprimento do castigo imposto polas autoridades fascistas por ter solicitado a baixa voluntaria, unha excedencia ilimitada que implicaba a renuncia definitiva a exercer o maxisterio, a súa entrega ao traballo de oficina e ás súas ocupacións intelectuais fecháronlle outravolta a posibilidade de regresar á Universidade. Téntao de novo no seu tempo de axente de vendas. Na carta de xullo de 1966 acusa recibo do Azcárate, un manual de Historia da Arte que lle enviara Millán, indica que xa ten con el o de Pijoan, dedicado á mesma materia, e anuncia a súa próxima visita á Universidade de Oviedo coa intención de consultar a súa situación administrativa, a do alumno de Filosofía e Letras que aprobara as asignaturas do primeiro curso en 1939. En 1966, con 51 anos, parecía moi disposto a dar os primeiros pasos para converterse en estudante universitario e futuro profesor de Ensino Medio. Tal decisión evidénciase na despedida da carta a Isidoro: “Adiós, amigo, seguiréi fidel ás túas ordes e metereime o Azcárate na chola aínda que seña cun mazo”. A ilusión polo reencontro coa Universidade debeu bater con dificultades cuxa dimensión descoñezo, derivadas, moi probabelmente, da falta de tempo para dedicar ao estudo. Logo, desde que regresamos definitivamente a Vigo en 1967, aquel proxecto resultaría xa inviábel, entregado Xosé María Álvarez Blázquez aos labores de director de Edicións Castrelos e profesor de Formación Humanística no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro de Vigo. Non conseguira realizar o seu soño de licenciado en Filosofía e Letras –que, con toda certeza, se completaría co título de doutor– pero reingresaba no maxisterio, acolléndose a unha amnistía concedida polo odiado ditador tres décadas despois da condea, para exercer durante pouco máis de dez anos a docencia, difícil e ansiado horizonte profesional que tivo presente durante toda a vida e que consideraba en parte cumprido nesta etapa final.

Catro anos despois da formulación daquela tentativa que se nos revela através da mención dos manuais de Azcárate e Pijoan, Xosé María e Isidoro intercambian senllas cartas entre Vilagarcía de Arousa e Vigo. Veñen ambas inzadas de pesar e irritación, sentimentos temperados –ou desviados–, como noutras ocasións, polo recurso á ocupación intelectual, pola necesidade de cumprir “un afán que encha as miñas horas, pra que a tristeza non me apouvigue”, como declara Álvarez Blázquez o 9 de decembro de 1970. A pescuda de verbos antigos ou a localización de “composicións descoñecidas do cura de Fruime” e de moreas de vilancicos e diálogos políticos en verso eran actividades de moi grata dimensión que viñan traer luces de ledicia terapéutica. O recente falecemento de Pedro Caccamo Ambrosino, o noso avó materno, e as secuelas

provocadas pola ferida dun concurso literario que deixou resentido algún autor non premiado, son as causas do desacougo que afecta a Xosé María. En carta do día 8 de decembro, Millán, logo de transmitirlle o testemuño de solidariedade pola morte do pai de María Luisa e de lembrarlle o compromiso que ambos adquiriran de realizar algunhas enmendas e engádegas no texto da novela de Xohana Torres, que Edicións Castrelos publicaría en breve, comunicalle a noticia de ter recibido “irónicos acuses de recibo, en forma de separatas, de algún perdedor”. Lembro a paixón con que o meu pai me referiu o gozo da descuberta e defensa daquel orixinal na sesión deliberativa celebrada en A Coruña, xuntanza na que, fronte á novela preferida por outros membros do xurado, Isidoro e el apoiaron un texto moi atractivo, no que transparentaban técnicas anovadoras e certo parentesco con algunhas das recentes propostas dos autores do *boom* latinoamericano. Sentíase Xosé María moi orgulloso do esforzo compartido con Millán para convencer algún outro compoñente do tribunal literario, xestión que lles levou horas e que motivou o adiamento do dictame para o día seguinte. En datas posteriores á difusión pública do veredicto, fíxose notar a reacción irada dalgunhas persoas, entre elas a do autor da novela pola que apostaban outros integrantes do xurado, que resultou ser *Xente ao lonxe* de Eduardo Blanco Amor, a quen cabe identificar como un dos responsábeis dos “irónicos acuses de recibo” referidos por Isidoro Millán. Alén de Blanco Amor e a xuzgar polas pistas que deixa na súa carta Xosé María, a decisión do tribunal debeu deixar outros damnificados, así o cuco demo-liberal, “perene evadido de todo compromiso político-social, metido a escritor serodio, dempois de ser estupendo tenedor de libros”, cuxa identidade foxe do meu coñecemento, ou o grupo “dos resentidos e colaterales”, dos que asegura non ter recibido panfletos nin separatas “pero si queixas e laios que non acabo de entender”. Efectivamente, non hai xeito de comprender a reacción ofendida de quen non consegue obter o premio dun certame ao que se presentou en competencia con outros autores. Se non se acepta a autoridade do xurado, carece de sentido o libre xogo do concurso. Pero a resposta doída dos que non gañan, consecuencia da paixón de soberbia que os domina, resulta máis común do que pode semellar. A descomunal egolatría de Eduardo Blanco Amor explica, pero non xustifica, a súa inaceptábel posición, da que eu mesmo fun testemuña abraída. En 1977, sete anos despois da execución daquela ofensa de imborrábel efecto e no momento do meu primeiro encontro con el, lembroume a pretendida inxustiza que cometera meu pai con *Xente ao lonxe*, novela de calidade moi superior –segundo a súa apreciación– a *Adiós, María*, que descalificou de maneira global.

Se o resentimento agresivo do suposto damnificado resulta actitude inxustificábel, pouca xustificación alcanza a serie de calificativos que lle dedica don Xosé María na carta a Isidoro Millán do 9 de decembro, dirixidos á consideración da opción homosexual de Blanco Amor como desviación enfermiza. Compréndese que se trata dun exabrupto emitido en situación de enfado de alta voltaxe e que non ten outra función que o desabafo en confidencia privada. Certifico ademais non ter escoitado nunca de boca do noso pai descalificacións de agresión homófoba coma estas. Sei, por outra parte, da súa actitude de apoio e solidariedade noutros casos en que unha escolla

sexual non ortodoxa foi causa de desprezo colectivo. Aínda así e con efecto retroactivo, discútolle a don Xosé María o seu importante erro de ollada ética que, de podermos contrastar opinións en conversa de tempo presente, el mesmo correxiría, en diálogo con perspectivas actuais máis liberadoras e humanas que as que condicionaron o discurso moral do seu tempo.

De máis grave razón é a tristura que lle provocou a morte de Pedro Cáccamo, ocorrida o día 23 de novembro de 1970, oito meses despois da desaparición da súa filla, da nosa irmá María Luisa, que morrera, con vintedous anos, o 12 de marzo. Os nosos pais, coñecedores, como ela mesma, da doenza que a ameazaba desde os tempos de Oviedo, unha das causas do noso regreso a Vigo, seguiron con exemplar enteira aquel devastador proceso. Xosé María procuraba ademais o refuxio do estudo e o traballo. E confiaba, como crente convencido, no reencontro cos seus no alén. O avó Pedro, aquel “home santo, un alma cándida, cási que infantil” estaría xa, na hora da carta destinada a Isidoro Millán, “agardándonos á par da miña inesquencibre e santa filliña”. A miña memoria confirma o afecto que uniron o meu pai co seu sogro, un ser de especial simpatía, naturalmente dotado para a comunicación bondadosa. O carácter afábel e equilibrado de ambos facilitou unha relación de permanente agarimo, que nunca foi interferida pola distancia das súas diferentes opcións ideolóxicas. O republicanismo galeguista e antifranquista de Xosé María Álvarez Blázquez non bateu contra a escolla monárquica de Pedro Cáccamo, quen, confiado no regreso ao trono de Juan de Borbón, colaborara voluntariamente co exército de Franco en labores de intendencia. No tempo da ditadura participou en xuntanzas con outros monárquicos galegos, entre os que figuraba, precisamente, o pai de Isidoro Millán, don Isidoro Millán Mariño.

No seguinte capítulo do epistolario, correspondente ao ano 1971, facemos acto de presenza o meu irmán Alfonso e mais eu, ambos en condición de alumnos da Facultade de Filosofía, a colleitar, naquela fin de curso do período 1970-71, algúns suspensos que meu pai nos recrimina amigabelmente e por vía interposta. Non lembro a “pinchada” procedente de Isidoro na ocasión do seu encontro comigo nos corredores da Facultade, motivada polo regular resultado nas miñas calificacións. Coursaba eu daquela 4º curso na especialidade de Filoloxía Románica e, por rebeldía co meu propio historial de estudante aplicado e co máis que discutíbel nivel e orientación dos estudos alí impartidos, adoptara unha posición de desleixo discente que provocou aquela quebra do meu expediente académico, da que nunca me arrepentín. A resposta de don Xosé María á información do seu amigo amabelmente vixiante adopta ese ton equilibrado que o caracterizaba. Laméntase de que eu non cultive a amizade e trato con Isidoro, relación que produciría importantes beneficios formativos para min, pero, ademais de compensar aquela crítica coa referencia a “algún sobresaliente e notable” que eu obtivera nese curso, expresa con elegancia a súa comprensión –a súa simpatía– das nosas queixas relativas á incompetencia pedagóxica dunha parte do profesorado. Precioso exemplo de proximidade, de competencia humana, transmiten, en cambio, estas palabras súas: “Os rapaces están hoxe cheos de problemas, reais ou supostos –pro si eles os teñen por tales, son problemas tamén– ; quería eu que os escoitaras á mesa. É difícil temperar o que eles

pensan co que pensamos nós, inda que eu son moi propenso a pensar como eles”. Dou fe desa súa propensión de empatía dialogante. O noso pai comprendía as dificultades de Alfonso para adaptarse ao novo ambiente de Compostela e, a partir dos datos e impresións que o fillo lle trasladaba, concordaba coas súas queixas: o profesor de Filosofía non sabía ensinar; a de Xeografía actuaba con arbitrariedade. Sei que tamén comprendeu a miña escasa frecuentación do trato con Isidoro Millán, un home sabio e moi cordial a quen, en tempos posteriores, acudín en consulta de opinión e información arredor de asuntos de lingüística, aquela gramática estrutural á que fai referencia meu pai como inclinación nacente do seu fillo en carta de 1970. Pero en 1971, os meus vinte anos de desacougo activo e paixón vital de norte múltiple non me concedían pausa de aprendizaxe complementaria.

A Isidoro Millán, ademais de aplaudirle o rigor da súa ciencia, o bon estilo do seu trato humano, a firmeza, coherencia e independencia de criterio que manifesta na carta dirixida a Domingo García-Sabell na súa solicitude de baixa voluntaria como académico (asunto que precisaría un comentario que non encaixa no formato deste escrito), volto a agradecerlle desde esta distancia insalvável do tempo a súa decisiva xestión no destino primeiro da miña vida profesional. A comezos do curso 1973-74, dobremente licenciado eu como estudante universitario na especialidade de Filoloxía Románica e do meu servizo militar, Isidoro Millán González-Pardo, catedrático de Grego do Instituto de Ensino Medio “Rosalía de Castro” de Santiago, o Feminino, utilizando a vía daquela habitual para a contratación de novo profesorado, o nomeamento por parte da Delegación do Ministerio de Educación a partir dunha proposta nominal procedente do director do centro, consegue para min unha praza de profesor non numerario no outro instituto da cidade, o “Arzobispo Gelmírez”, pois non había vacantes no centro no que el impartía docencia. A carta dirixida a Xosé María con data do 29 de setembro de 1973 non disimula a semántica propia daquelas operacións de amiguismo absolutamente naturalizado: “reforzar a cuña coa que o teño calzado no ánimo e previsión do Director”; “Ten o nome de Pepe nun apunte enriba da súa mesa”; “botarei o resto en encaixar a Pepe como profesor na miña cátedra”. Finalmente fun encaixado como profesor contratado de Lingua e Literatura Castelá na cátedra que dirixía Benito Varela Jácome no instituto Xelmírez, pero no primeiro curso da miña carreira docente tiven que asumir tamén o ensino en aulas de Latín e Grego, perfil inicial da “cuña” utilizada por Isidoro.

O fragmentario relato destas dúas vidas en fraterna comunicación pecha o círculo da soidade na carta do 17 de novembro de 1981, quince anos despois da declaración de tristura do home que vivía en Oviedo, afastado da muller e os “seis fillos, que son o meu tormento pero tamén a miña ledicia”. Atormentaba daquela a Xosé María a certeza das dificultades para termar da facenda doméstica. Agora, cos seus fillos e fillas encarreirados nas súas vidas de familia propia e maiormente saneada a economía da casa, o pai constata a soidade compartida coa súa compañeira: “quedamos soliños M^a Luisa e eu”. Celso, de paso en Compostela para completar cos cursiños do ICE os seus estudos universitarios, marcharía nun par de meses a Buffalo e Berta cursaba en

Barcelona a carreira de Belas Artes. Alfonso, Elena e eu xa non viviamos cos pais. A nosa nai ficara eivada cunha xordeira total como consecuencia dunha meninxite contraída en 1977 que a levará ás portas da morte: “non podo deixar sola á miña muller, máis xordiña e máis mimosa que nunca”. Daquela conxunción de mágoas deixou conmovido testemuño un poema de formidábel feitura, o titulado “Solpor”, un dos mellores logros da poética de Xosé María Álvarez Blázquez, datado o 29 de agosto de 1982 e dirixido ao amor central e permanente da súa existencia, Maísa, do que reproduce dúas estrofas moi significativas:

“Os fillos... Xa alá agarda a nosa prenda
–luz dos días abertos e louridos– .
Os fillos! Santo e seña da contenda,
eles diante e nós atrás, feridos.

Pousaremos os pés na branca area
mentres o día no solpor devala.
Nin ti ouces xa o balbordo da marea
nin teño eu ansias de prender a fala.”

O día 6 de xuño de 1984, nove meses antes do falecemento de Xosé María, Isidoro envía a derradeira carta desta correspondencia, resposta á datada dous días antes, “manuscrita da túa man de amigo, e que expresa moitas cousas xenerosas”. A man dereita do noso pai traballaba con extrema dificultade desde finais dos anos setenta por causa dunha fenda aberta no dorso, de difícil cicatrización e complicada cunha ferida que lle provocara a espiña dunha roseira. Foron varios anos, precisamente os da etapa en que, liberado xa de obrigas laborais, o investigador ansioso de concluír o seu proxecto de compilación e estudo da Literatura de Decadencia, podería terse entregado por completo a mergullarse nas Fontes, título previsto para a obra monumental en varios tomos que recollería aqueles tesouros ocultos da nosa literatura, entre eles o manuscrito transitoriamente raptado no museo de Pontevedra “ca conciencia turbada i o corazón ledó”. Non esquezo a temperada –algunhas veces amarga– queixa do meu pai diante daquel novo atranco que empecía o exercicio da escrita. “A man dóeme, a letra saime torta. Non podo escribir máis por hoxe”, dille a Isidoro no envío en que lle solicita un seu traballo sobre o romance de Gaiferos de Mormaltán. Pero, máis alá daquel día de xuño de 1984, Xosé María Álvarez Blázquez continuou a tecer, coa man máis ou menos dorida, as liñas dun discurso incansábel, permanentemente aberto ás causas da curiosidade e do activismo intelectual, da creación literaria e do saber trascendente. Entre as páxinas que labraron aquelas mans eivadas desde a orixe, feridas por herdo xenético cunha doenza dérmica de desacougante título, a ictiose, figuran centos de mostras magníficas de literatura epistolar. Como as desta emocionante conversa de máis de vinte anos entre dous compañeiros xenerosos que se agasallan mutuamente coas luces dos seus saberes e coa aperta da confianza e da amizade, co amor de Galiza e da cultura de noso como eixo permanente.

Outubro 2011

Xosé María Álvarez Cáccamo

**CORRESPONDENCIA HABIDA ENTRE
XOSÉ M^a ÁLVAREZ BLÁZQUEZ E
ISIDORO MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO**

I

ISIDORO MILLAN GONZÁLEZ-PARDO

Catedrático

PONTEVEDRA

[cabeceira]

22.VIII.1961

Sr. D. José M^a Alvarez Blázquez

Librería MONTERREY

VIGO

Mi querido amigo:

Dos líneas para precisarte la cita del trabajo de Ferro Couselo. Se titula La torre de Quitapesares y el duque de Arjona, y está en el Boletín del Museo Arqueológico Provincial de Orense, t. VI (1950-51) pp. 101-121. Creo que para situar un posible escenario de la relación de Rodríguez de la Cámara con el duque, te será de mucho interés. Y por otros aspectos.

En una ojeada al Romancero hispánico. Teoría e historia, de Mdz Pidal (tt. IX y X de O. C.: M. 1953), no encuentro nada concreto sobre este romance. (Podía hallarse algo en el t. I, cap. VI Orígenes épico-nacionales, en las pp. 207-236, en que se estudian romances cidianos).— Y a tu propósito: en el t. II, pp. 8 y 25, dos alusiones a un romance sobre la prisión del Duque de Arjona (1429) y en las pp. 13-14 a Rodríguez del Padrón como primer colector de romances. Antes se le llamaba “autor”, pero Mdz Pidal, claro es, lo rechaza para los tres tradicionales, más viejos que él, que se le atribuían. ¿Y si el del duque de Arjona, noticiero y de época, se le pudiese adjudicar? Un punto de apoyo sería el “mi amado señor” de tu ms.; otro, simpatía al “malaventurado” Don Fadrique que se advierte en el romance (t. XVI de BAE, p. 46); el tercero, que Mdez Pidal dando razón a Mdez Pelayo (Antol. XII, pp. 157-162), opina que la versión conocida del romance está muy evolucionada, puesto que las causas de la prisión del duque fueron políticas (deslealtad al rey) y no sociales (desafueros con gente inferior), como el poema supone; pero si Rodríguez del Padrón, presunto autor, vivió las jornadas feudales de Quitapesares (un desmán de ese género me parece que es el que se reproduce en el documento de Ferro), se explica muy bien la sustitución de motivos, colocando en Arjona las tropelías de sus dominios gallegos. Fundamento último: la temprana afición

de Rodríguez de la Cámara a la poesía romance. Podría aún estudiarse algún carácter de estilo y lengua. Te brindo la idea, para más amplia prueba. Se funda, en realidad, en tu hallazgo.

Supongo que el tema del romance cidiano por tí encontrado en el ms. del sobrino de Ocampo, debe afiliarse a la llamada Gesta de Sancho II o a La partición de los reinos. El romance 764 de la colección de Durán (t. X de la BAE, p. 498), en que interviene Alvar Fáñez como liberador de Don Sancho, prisionero de Don García, imagino que es al que te referías, y sobre todo el 765, en que “catorce caballeros”, sin duda o “leoneses” o “galicianos”, se llevan cautivo a Don Sancho, en guerra con Don Alfonso, y es el Cid quien pelea con todos y los vence (el último, escapa), librando a su señor, debe entrar en buena parte, más o menos contaminado, en el argumento del tuyo. En la forma en que lo relataste no creo que sea conocido.

Anímate a publicar pronto ese escrito porque veo que tiene una serie de novedades muy interesantes. Acerca de Florián do Campo (así deberíamos ya llamarle), veo que hay noticias en un art. de Cotarelo, en el Bol. de la RAE, 1926; pero no lo conozco ni le (*sic*) tengo a mano.

Perdona esta intromisión en mies ajena, que suscitó la charla del otro día, y ya sabes que es cordialmente tuyo, con un abrazo

Isidoro Millán G Pardo

P.D. Saludos a tu mujer.

II

ISIDORO MILLAN GONZÁLEZ-PARDO

Catedrático

PONTEVEDRA

[cabeceira]

28.VIII.61

Sr. D. José M^a Alvarez Blázquez

VIGO

Mi querido amigo:

Aunque la comprobación era para tí fácil en cualquier momento, en obra bien accesible, aprovecho la oportunidad de tener ahora a mano La España del Cid I para completarte los datos del otro día.

Fíjate en las pp. 187, y 191-92, de esa edición. –En la 187, sobre todo en la nota 4, tema del Rey librado por el Cid de las manos de los caballeros griegos.– Y alusión de M. Pidal a 13 versiones juglarescas del prendimiento.

En las pp. 191-92, sucesos de la batalla de la Golpejera. Parece que este episodio deriva, en efecto, del Cantar de Sancho el de Zamora. – Otra bibliografía que puede “situar” tu versión del romance, la tienes ahí, por ejemplo RFE (1923) pp. 344-48.

Perdona esta reiteración, ociosa, contra el precepto ne bis in idem. Sobre todo, con tal destinatario. Pero es que más adelante te he de molestar bastante a propósito de datos toponímicos, en que todos me podreis ayudar; y estoy “haciendo méritos”, aunque triviales.

Un abrazo, et pax, cordialmente

I. Millán GP

III

[Carta de resposta á do 22 de agosto]

Coruxo, 11 San Miguel 1961.

Sr. Don Isidoro Millán G.-Pardo
Pontevedra

Mi querido amigo: Recibí tu amable y valiosísima carta del 22 pasado, a la que no he contestado antes porque nunca tengo tiempo para nada. Perdóname; si tú mereces siempre un turno de preferencia, en cualquier orden de cosas, más lo merecías de mí en esta ocasión, pues tus indicaciones, tus informaciones, tus pistas y sugerencias, son de gran valor para mi proyectada publicación del “Linaje de los Pazos de Probén”, y ten la seguridad de que utilizaré todo ello, apurando por mi parte las pesquisas hasta el máximo. Pero, desgraciadamente, no sé cuándo esto podrá ser. Estoy materialmente agotado por este enemigo terrible que es el tiempo. El “primum vivere” se impone cada vez de modo más alarmante; hay que vivir, hay que luchar, que defender el pan nuestro con uñas y dientes, trabajando –¡cuantas veces en cosas absurdas!– aquí y acullá. En fin, Dios dirá.

Mientras tanto, si alguna nueva idea se te ocurre, si algo topas al paso que creas pueda convenirme, te agradeceré infinito su indicación. Yo, por mi parte, te prometo irte

dando cuenta de los progresos de mi trabajo, cuando decididamente me meta en él, que será, Dios mediante, en este invierno.

Supe que has estado aquí, en Coruxo, hace unos días, acompañado de Viqueira¹, de Villagarcía, para conocer los pedruscos paleolíticos que estoy desenterrando. Sentí mucho no verte, pues precisamente estaba ese día dándome una panzada de hallazgos en “mi” yacimiento. Estoy casi abrumado por la fortuna que he tenido y pasmado ante la riqueza y variedad del yacimiento. Desde luego, y sospecho que por mucho tiempo, único en Galicia. Otro trabajo más que se me echa encima; clasificar todo este material, describirlo –previo un estudio muy concienzudo–, redactar el trabajo, hacer planos, dibujos, etc. no será tampoco grano de anís. Pero lo cierto es que quejarme de ello sería grave ingratitud hacia mi buena estrella. De momento encuentro una secuencia perfecta, sin soluciones de continuidad, desde el abbevilliense a nuestro camposanquiense –mejor aún, hasta un proto-asturiense–, lo que demostraría la permanencia del nombre, en campamentos sucesivos, claro está, desde la más remota población de Europa hasta el dintel del mesolítico, porque, como sabes, el Paleolítico superior clásico en Europa está sustituido en el N. de Portugal, y ahora también en el Sur de Galicia (¿en toda Galicia tal vez?) por una cultura arraigada y autóctona hasta cierto punto, la del camposanquiense (el languedociense francés), de enorme interés para nosotros. Quiero decir que, sobre el abbevilliense, encuentro un acneulense purísimo, coetáneo de muchos útiles de técnica clactoniense, no solo con industrias de almendras, limandes, etc., sino de hojas, puntas, raederes, etc, incluso microlíticas. Pero esto lo da también el camposanquiense, y no tenemos por qué pensar en otras facies del Pal. Superior, tales como el tayaciense, pongamos por caso. En fin, también aquí Dios dirá, porque sigo trabajando allí y porque no sé a donde esto irá a parar.

Perdona la lata. Gracias, infinitas gracias. Recuerdos a todos los tuyos, muy cariñosos, y un abrazo fuerte para ti de tu agradecido amigo,

Xosé M. A. Blázquez

IV

Oviedo, 28 Enero 1966

Sr. Don Isidoro Millán G.-Pardo

¹ Valentín Viqueira Barrio, de moi culta familia vilagarciana, amigo de Isidoro e, como el, amante da arqueoloxía.

Meu caro amigo: Eiquí me tes, na Ovedo das Sturas (*sic*), capital do Principado e de non sei cántas cousas máis, sin me ter podido ir a despedir de tí, coma che tiña prometido.

Si non estás enteirado, cicáis a nova che cause algunha solpresa. O certo é que me veño a vivir eiquí, porque a vida así o manda. Teño seis fillos, que son o meu tormento pero tamén a miña ledicia, e por eles hei de o sacrificar todo: aficiós, leceres, amigos, irmáns, primos e demáis parentes... Deixéi os cargos oficiaes e non deixéi a librería, porque iso xa son palabras maiores. Véñome a Asturias, non a deprender Humanidades, nin a parrafar co Padre Mestre Feixóo, nin xiquera a aguantar ao gran Dionisio Gamallo Fierros. Véñome, ¡pásmate!, a vender merluza conxelada de “Pescanova, S. A.” (La Primera Flota Congeladora de España, Capital Desembolsado 2.000.000.000 de Pesetas, &&&). Quérese decir, meu caro amigo, que son un desertor, que –¡triste de min!– deixéi as Musas polas merlusas...

Pero, ¿é que en verdade deixei algo? ¿É que non voltarei ao meu ser, axiña que normalice a miña vida eiquí? ¿É que me podo esquencer do que levo no fondal da ialma? ¡Imposible me parez! Pasaréi unha tempada amarga; uns meses, un ano cicáis. Pero non podo, so pena de morte, renunciar ao que é máis forte que eu mesmo. Agora impónse a obriga de traballar arreo, pra conquistar ises montes e moreas que me prometeron, tragner á familia, asentarme de novo, meter aos fillos na Universidade (cousa moi importante pra unha economía modesta coma a miña), e logo outravolta a empezar.

E inda así, dígocho de veras, non ha ser de todo estéril iste tempo de espera. Trouxen tarefa pra ir debullando aos ratos libres. E unha das cousas que me impoño, porque non precisa de máis libros nin maiores esforzos, é ir poñendo en orde as notas que teño pra completar ate onde poida o corpus da poesía galega da decadenza. Sabes que ando nelo dende que pubriquei a “Escolma”. Teño moito material novo e abondosas pistas que trato de perseguir. Incluso é posibel que eiquí atope algo. Pensaba ir á tua casa e copiar aquil romance galego que ven no ms. que tendes do P. Feixóo; non puiden darme ise pracer, e por iso che pido de corazón que mo fagas tí, ou, si o prefires, que mandes tirar unha fotocopia, cuios gastos me comunicarás. Xa sabes que non se trata das quintillas en galego encol do desastre de Rande, sinon, polo que dí Areal, de un romance. Espero de tí iste sinalado favor, que te estimarei no que val.

No tocante aos topónimos, é preciso que me relevedes, porque xa non poderéi facer a compulsa sobre o tarreo, que nos tiñamos prometida. Nada perdedes ao fallarvos a miña probe colaboración. Sabes que son leigo na materia, e o único que me moveu a elo foi o degaro de arranxar ise entorto; pero calquera vos pode servir no empeño moito millor que eu. Por exemplo, penso agora, Méndez Ferrín, ou outro compañeiro novo polo estilo.

Querido Millán: non estou lonxe de vós. Lévosos no fondo da ialma, no máis íntimo e querendoso do corazón; a teu pai, a teus irmáns, a tí...

Unha entranabre aperta do teu sempre amigo

Xosé M

Meu enderezo: Hostal Asturias. C/ Uría, 16-1º

V

Oviedo, 27-V-66

JOSE Mª ALVAREZ BLAZQUEZ

Sr. Don Isidoro Millán G-Pardo

Pontevedra.

Meu querido amigo:

Posto a pensar nas razóns do teu silencio, non atino. Somentes encontro unha perfectamente disculpabre, e da que xa te absolvo: nugalla. Escribinte dende eiquí dúas cartas, que supoño no teu poder. As dúas impertinentes, pois levaban sendas peticións; a copia do ditoso romance atribuído ao P. Feixóo, i o teu parecer sobre o meu traballo encol á literatura suscitada pola figura de Pardo de Cela. Supóñote, ademáis, metido no choio noxento dos esames, etc. Por iso, somentes te pido xa unha cousa: que me transcrebas o 1º i o derradeiro verso do romance, pois poida ser que, por outro camiño, teña eu xa dado con él. Niste caso, aforrariate o traballo.

Sei que anda o teu nome pra unha das vacantes da Academia Galega. ¡Xa era hora! Naturalmente, non contes co meu voto, aínda que señas tan boíño que me respondas a ista terceira, ao non habelo feito pola primeira. As letras, páganse.

Unha fonda aperta,

Xosé Mª

Oviedo, 10-VII-66

JOSE M.^a ALVAREZ BLAZQUEZ

Sr. Don Isidoro Millan-G. Pardo

Pontevedra

Querido Isidoro:

Recibín o Azcárate, que me anuncia na túa carta do 5, e xa estou, a ratos perdidos –¿ou gañados?– meténdome nél. Tamén teño eiquí o Pijoan, que pidín á casa. É moito o que hai que roer en tan pouco tempo, pero non coides que me desanimo. Xa ollaremos o zume que aínda son capaz de dar. Un destes días iréi á Universidade, pra consultar o meu caso, e trataréi tamén de localizar a Alarcos [Llorach], que seica anda xa por eiquí. Non quero facer nada sin que o saiba, porque ademáis pode ser tamén meu conselleiro e valedor. De todo che informaréi.

Púxenlle un telegrama a teu pai, que supoño recibiría. Foi unha boa xogada dos gubernamentales vigueses o xiro dado á cousa. Non era ese o espírito, coido eu, dos que gardamos gratitude a isa familia tan querida polas súas atencións. Tratábase dun acto de amizade, sinxelo, fondo, verdadeiro, sin faramallas nin orquestas. Pero o teu pai non ten a culpa, nin os fillos tampouco, de modo que confórmate e vólvetes a poñer no seu sitio o dente que dices te arrincaron. Eu celebréi estar lonxe, porque non iría de todos os xeitos, e sería menos disculpable. Supoño que, inda así, teríades a ledicia de vervos rodeados de moitos e bos amigos, os de sempre. Non topéi ningún periódico que falara do acto; ando moi atafegado e non puiden ir pola “Voz de Asturias” nistes días, que é onde ás veces vexo os xornaes galegos.

Un destes días vin na rua a Diego Santos. Polo visto Manzanares quedóu pesaroso de que non poidésemos ver as súas pedras, e lle dixo que a porta estaba aberta, que era somentes cousa de empurrala un pouquiño. Pra min que as vellas de marras, temendo que cargáramos coa ara sextiana, botáronlle a chave. Pero, si Dios quer, a veremos en Setembro, mes fermosísimo pra min, pois nel teréi eiquí a familia, pola que suspiro coma un paxaro caído do niño.

Cando teñas un vagar remexe no Museo e nos folletos da biblioteca petrucial. Pode haber solpresas, e, polo pronto, hai que recadar o testo de Pintos. Un día destes mandareiche a copia do que me facilitou Carballo. Ben sabes que estou ameazado: non che deixarei de man, a menos que prefiras que non faga Filosofía. É o meu chantage. Conque xa o sabes.

Adiós, amigo, seguirei fidel ás tuas ordes e metereime o Azcárate na chola aínda que seña cun mazo. E descoida, que axiña que o meta cho devolverei, pra que te entreteñas con don Asurbanipal, a señorita Nefertiti e demais pandilla.

Lembranzas a China, a quen supoño gozando dos saluríferos baños de Chancelas, agora que Placeres tornouse en Olores².

Unha fonda aperta

Xosé M^a

VII

Vigo, 13-III-1968

Querido Isidoro: Estou máis ledo que unhas castañas. A túa aportación é fabulosa, e non fago máis que pasarme dos teus “ventos” de can de boa caste. Paréceme que antre tí e máis eu (probe “palleiro”) inda hemos apañar máis dun gazapo, e algunha que outra lebre, coma istas dúas que me mandas. O tal Domínguez Esquedo³ (moi Sr. meu) calzaba boas esporas, e probado queda nisas cabalgadas nos potros desaforados da gradilocuencia, que il domeaba a modo e con bo tento. Gustáronme moito os seus escritos, inflamados, soflamantes, flameantes e hastra flamíxeros (cheos de flama, quero decir).

A prosa (mália o “galiceo”) é boa, e agora hai que ila dexergando con tino, pois é certo que o copista meteu algo a pata; por outra banda, a puntuación despista bastante. Eu penso que istes textos han estar tomados dos respetivos xornaes a que o autor louba EL PAIS e máis LA PERSEVERANCIA, ambos pontevedreses, o segundo continuador do

² Refírese á instalación da Celulosa no medio da ría, en Lourizán, ribeira esquerda, cun cheiro que alcatrea, e que segue no mesmo lugar ata hoxe.

³ José Domínguez Izquierdo, avogado e xornalista. Autor de *Outra carta proclama en pro do País, en contra de canto se opoña ao engrandecemento do antigo reino gallego* (1858) co pseudónimo de Pepe de Míngos Esquedo.

Decreto de 30 de setiembre de 1823. «Siendo el primer cuidado de un rey el procurar la felicidad de sus súbditos, incompatible con la incertidumbre sobre la suerte futura de la nación, he apresuro á calmar los recelos é inquietud que pudiera producir el temor de que se entrinco el despotismo ó que domine el encono de un partido. Decidido, pues, á hacer cesar los desastres de la guerra, he resuelto salir de aquí (Isla Gaditana) el día de mañana; pero antes de verificarlo quiero publicar los sentimientos de mi corazón, haciendo las manifestaciones siguientes: — 1.º Declaro de mi libre y espontánea libertad, y prometo bajo la fe y seguridad de mi real palabra, que si la necesidad exigiere la alteración de las actuales instituciones políticas de la monarquía, adoptaré un gobierno que haga la felicidad completa de la nación, avanzando la seguridad personal, la propiedad y la libertad civil de los españoles. — 2.º De la misma manera prometo... un olvido general completo y absoluto de todo lo pasado, sin escecion alguna...» Y repite por mas veces prometo. (1) (Absolutistas.) «¿Qué carta es? — El tres de copas. — Entonces todo eso es música celestial. Otra carta; y degémonos le bromas, repusieron.

Decreto de 1.º de octubre, ó publicado al día siguiente. «Bien públicos y notorios fueron á todos mis vasallos los escandalosos sucesos que precedieron, acompañaron y siguieron al restablecimiento de la democrática Constitución de Cádiz en el mes de marzo de 1820. — (Absolutistas.) ¿Qué carta es esa? — La sota de bastos. — ¿Entonces salió la sota?; Bien!; bien! esta jugada ya es nuestra. Prosigase leyendo lo mas que há de estar bueno... — «Sentase ya otra vez en el trono de S. Fernando por la mano sabia y justa de la Omnipotencia... he venido en decretar lo siguiente: — 1.º Son nulos y de ningún valor todos los actos del gobierno llamado constitucional (de cualquier clase y condicion que sea) (2) que ha dominado á mis pueblos desde el día 7 de marzo de 1820, hasta hoy día 1.º de octubre de 1823, declarando como declaro, que en toda esta época he carecido de libertad, (mejor dicho carecido ahora y antes de dignidad) obligado á sancionar las leyes y á expedir las órdenes, decretos y reglamentos que contra mi voluntad se me dictaban y expedían por el mismo gobierno. Apruebo todo cuanto se ha decretado y ordenado por la junta provisional del gobierno, y por la regencia del reino, cerradas, aquellas en Obisporu el 9 de abril, y éste en Madrid el 26 de mayo del presente año.»

«¡Rápidos demos!, tarareaba entre dientes un contreráneo, que ó que compuso ese decreto debía estar muy versado nas embrollas das demandas de tercería, que solen por aca presentar as mulieres casadas, jurando é perjurando de que non foron libres en otorgar as obrigas que fixeron cos seus maridos; ou as ventos dos bens delas; é, si, violentadas por eles; é que por lo mesmo agárranse ó derecho das mulieres. E poñen á man na crus; é disen que á verdad manda Dios; é que aun aquela lus lles fálte; é que non cheguen á casa vivas. E esclaman; que ó seus omes foron uns galupins, uns destragadores! é que ó farán bo con todos os visíños! é que sobre todo, non pidem mais que ó seu! E ó conto he, que con tales trampas, ou estremonias sóles ir ben; que depois de vivir á conta do próximo, caussale por parte de tarde á os pobres acreedores os gastos do preito; é aun as veces colganlle as costillas as costas; que he como quedar por pillos; é he canto hay que desir.»

«Tan depresiva contradicción, dijo allí otro, y sólo en el término de veinte y cuatro horas, no la hubiera cometido José I, no obstante que era extranjero, y por mote se le llamaba José Botellas.»

(Amilleros.) «Ya que todo lo llevó el diablo, larguémonos de aquí.» — ¡Lárgalo!, vociferan los absolutistas. Y como enagenados gritan: «salgan á la mesa las mas; que el gallo debemos tambien ganarlo.» As de bastos. «Bien!; Hosana in excelsis! las dos ganamos, ¡ya todo es nuestro!; Viva el rey solo!; A ver, á ver que dice! «Real decreto de 4 del mismo octubre: El rey nuestro señor quiere que durante su viage á la corte no se encuentren, á cinco leguas en contorno de su tránsito, ningún individuo que durante el sistema constitucional haya sido diputado á cortes, ni tampoco los... y oficiales de la extinguida milicia nacional voluntaria (3) prohibiéndoles para siempre la entrada en la corte y súbditos reales al radio de quince leguas.» — ¿Qué narices tan largas! esclama allí uno, y ¡que olfato tan exquisito debía tener ese noble señor, cuando desde quince leguas podía afectarle el aire de los liberales! ¿Le sucedería lo propio allí en los días de su cautiverio en Francia? ¿A tu casa traerás quien de ella te echará? — En tres, dice el banquero. — ¡No! nuestra jugada está hecha, contestan los favorecidos; pero, veámos, no obstante, las cartas que saldrán. «Circular de 13 de enero de 1824, creando en todo el reino comisiones militares; y previene en artículo 5.º, se prescindia de la fórmula de los carcos, como no necesaria, á no pedirlos el defensor del reo. — Real decreto de 1.º de mayo de 1824, concediendo amnistia y perdon general; pero tan solo para los no comprendidos en los 13 artículos de escepciones que contiene; siendo en suma casi cero tanta gracia prodigada. «Ja ja ja ja! el Real orden de 9 de octubre del propio año, prejuzgando las penas para los crimines cometidos desde 1.º de octubre de 1823, comprendidos en el artículo 2.º de la citada circular de 13 de enero; y á la que dió tambien lugar las dudas propuestas por la Comision militar de Valencia con motivo de la causa formada á Salvador Llorens, acusado de haber gritado muera el rey. He aquí tres de sus mas benignos y justificables artículos. 7.º «Queda al prudente é imparcial criterio judicial (de las Comisiones militares) la fuerza de las pruebas en favor y en contra de los procesados. 9.º Los que hubiesen gritado muera el rey son reos de alta traicion, y como tales, sujetos á la pena de muerte. 11.º «Los que usen de las voces alarimantes y subversivas viva Riego (E. P. D.) viva la Constitución, muera los serviles, muera los tiranos, viva la libertad (omite los muera los negros, muera la nacion; lo mismo que las juntas de los apaleadores. Bien que eran inocentes desabogos del pueblo), deben de estar sujetos á la pena de muerte...» — Real orden circular de 14 del mismo octubre, previniendo á los capitanes generales, activen el rápido despacho de las causas confiadas á las Comisiones militares, y autorizándoles para separar á los vocales y espedirles sus licencias indefinidas al menor motivo de sospecha ó duda en su conducta. (4) «¿Qué buenas cartas!; ¡Vaya! todo nos viene á pedir de boca; Nada, si, de indulgencia para los negros! Y á coro cantan ya:

«Con el pio pio pon:

» Viva la patria y la religion.»

«¡La religion de Mahoma, de la cimitarra!» grita uno que allí trinaba: «ó mas bien la de Saturno á quien se tributaba culto con víctimas humanas.»

(1). Pueden Vds. ver este y los demás decretos, de que parte copio literalmente, en el PANORAMA UNIVERSAL Y á su continuacion dicen los redactores lo siguiente: «Este decreto, cuya minuta estendió D. José Maria Calatrava, fué corregida y aumentada de pufio y letra de S. M. quedando tal como se publicó.

(2). Ponerse esto en paréntesis, tiene que lo digan: misterio debió encerrarse.

(3). El haber sido miliciano nacional era un óbice para la carrera sacerdotal; pues que las proclamas de la Iglesia que preceden á las ordenes como á los matrimonios contenian la siguiente pregunta: «Si ha pertenecido á la extinguida Milicia Nacional.» Esto lo oí yo mismo por los años de 30 á 34, y por cierto leyó la proclama el difunto presbítero D. Joaquin Cobas en la iglesia de S. Bartolomé.

(4). Cada uno de estos decretos son la apología de sus religiosos autores. Pero ¿quién diría que el decreto de amnistia habia de ser verdaderamente de proscripción y llenar de luto á muchas familias? Su fecha es de 1.º de mayo, y se publicó en la Gaceta del 20; preparando en ese intermedio los intendentes, cumpliendo las ordenes reservadas del tolerante ministro de Gracia y Justicia, las listas de los que habian de ser juzgados segun el mismo decreto de perdon general. Y así vino mas bien á ser un decreto de condenacion y de gracia general: (Véase el Panorama Universal en el tomo de España.) Y para que fuese un decreto de insulto, como entonces llegó á calificarsele, y no de indulto, concluye así: «ESPAÑOLES: Imitad el ejemplo de vuestro rey, que perdona los estravios, las ingratiitudes y los agravios sin mas escepciones que las que imperiosamente exigen el bien publico y la seguridad del estado.» (*) ¡Dios Santo! ¿Y es posible que como modelo de caridad se proponga á un pueblo católico, al que inunda las cárceles de infelices, y se plega á saciar la envidia cólera de un partido; avariando de dominio absoluto?

(*) Véase el tomo 8.º de los decretos del rey p. 63, 323 y el 9.º p. 215, 296.

E si o queres comprender mellor, fai⁹ lembransa de sarta igreia que a¹⁰ enchen de trapallada cando se festexa serto santo: convírtenche os altares en tendas de estampeiros, que aquilo non se sabe o que é⁷. ¡Si superas o que me pasou na última festa que hubo en esa igreia! Véncheseme a min un señor, e dísimel: “¡Oh, ser cuarto¹¹ mucho presioso este! ¿y cuanto costare?”. –“Su mersé perdone”, contestéille, “esto non lle¹² é⁷ unha tenda, elle un templo”. –“Y cómo estare le gente...”. –“Xa sei¹³ o que súa mersé quer disir: “acostumbra en estas fñsiones a estar así...¡Oh! en mi tera ¡oh! serreso mucho, mucho répresible”. ¡Tes razón e sóbrache!, dixen eu pra min. ¡Eu non sei como o señor xués político no evita tales charladurías; o mesmo que esas tendas de estampas na igreia, e ese tenderete de lensos, que sacan a grasia a un templo tan bonito!; e que sólo condusen a causar gastos; e fora mellor emplearlos en retellar a igreia, que boa falta lle fai⁹; e en blanquear e poñela desente, que así o manda Dios.

(Diálogo entre dos paisanos que oyeren leer el cuadro fantasmagórico, o seu el Atlas de monumentos y montañas, que por cumplir con la moda, de echarla de erudito, se encajó en el lugar donde se le ve.)

⁹ fay

¹⁰ ha

⁷ hé

¹¹ cuatro

¹² nonlle

⁷ hé

¹³ sey

⁹ fay

COMENTO

[O autor aduz uns trechos dos reales decretos de Fernando VII, a raíz da caída do réxime liberal de 1820-23, un do 30 de setembro, no que promete perdón e olvido xeneraes, e outro do día seguinte, anulando todos os acordos do goberno e Cortes devanceiras e ameazando con feros castigos:]

¡Rapia os¹ demos!² –tarareaba entre dientes un conterráneo³ que o que compuxo ese decreto debía estar mui⁴ versado nas embrollas das demandas de terceiría, que solen por acá presentar as mulleres casadas, xurando o perxurando que non foron libres en otorgar as obrigas que fixeron cos seus maridos, ou as ventas dos bens delas, e, sí, violentadas por eles; e que polo⁵ mesmo agárranse ó dereito das mulleres. E poñen a man na crus; e disen que a verdade mándaa⁶ Dios; e que aun aquela lus lles falte; e que non cheguen a casa vivas. E esclaman ¡que os seus homes⁷ foron uns galupíns, uns destragadores!; ¡e que o farán bo con todos os visiños!; ¡e que, sobre todo, non piden máis que o seu! E o conto é⁸ que con tales trampas ou estremonías sólleles⁹ ir ben; que despois de vivir a conta do próximo, cáusanlle por parte de tarde a os pobres acreedores os gastos do preito; e aun ás veces cólganlle ás costillas as costas, que é⁸ como quedar por pillos; e é⁸ canto hai¹⁰ que desir.

¹ Rapios; desfacemos a contracción para que millor se entenda ista escramación, que temos documentada nuns versos bulreiros de Baiona, aínda inéditos, dos fins do século XVIII:

¡Rapia us demos seu valor!
Que é ben pouco foi probado
cando trouxo á vila atado
de Baredo un ferrador.

² non pecha a escramación. Enténdase que o comentarista estaba presente na conversa en que se leían os decretos.

³ no original vai o inciso antre comas.

⁴ muy

⁵ por lo; nótese que o A. escribe outras veces “po lo”; coidamos trátase esquí dun erro de imprenta.

⁶ manda

⁷ omes

⁸ he

⁹ sólleles

⁸ he

⁸ he

¹⁰ hay

IX

Vigo, 17-IV-68

Querido Isidoro:

Vel ehí vai o corpo do delito. Fai o favor de restituílo ao seu “rincón del olvido”, onde tantas arpas becqueriáns agardan por nós. Trátase da caixa que reza na lombeira “Carnavales”. O papel da envoltura é o que alí tiña, pois tamén mo trouxen por non deixar testigos do furto. De modo que hai que restituílo tamén. Fican uns vestixios acusadores: as dobreces nun ángulo, que non tiña. Pero o tempo –i o tal olvido– encargaránse de planchalo.

Non sería nada estrano –penso eu– que o “Carnaval” de J. R. Franco esteña enteiro antre a morea de folletos do teu abó, home curioso e daquel tempo. ¿Cándo e cómo poderemos pescudar alí?

Oxe teño moita presa e non falo máis.

Escribe. Apertas,

Xosé M

X

INSTITUTO NACIONAL DE ENSEÑANZA MEDIA
«ROSALÍA CASTRO»
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vilagarcía de Arousa
8-XII-70

Sr. D. Xosé M^a Álvarez Blázquez
VIGO

Querido Xosé María:

O venres pasado, en Pontevedra, ao telefonare os amigos da sociedade cultural cos que ceabamos, ao teu primo Xosé M^{a20}, o catedrático de Francés, co gallo de que interviñeses no cursillo conferencístico de Pontevedra, enteireime da pena familiar que vos aflixe, na perda do pai da tua muller (q.e.p.d.) Ben sabedes que nos sentimos partícipes en todas as vosas tristezas, non menos que nas alegrías. Fáille presente a M^a Luisa, e recibe ti, a nosa condolencia máis amistosa e sincera.

Aproveito esta carta pra che informar que recibín unhas letras de Xoana Torres²¹, reclamándome o exemplar de “Adiós, María”, que nefeuto, me reservara deica este intre, co ouxeto de precisar aínda máis en detalle as emendas e engádegas (fai memoria dos nosos alegatos na Cruña) que, no meu sentir, millorarían a presentación da novela. Hai algúns fallos de linguaxe que, sen mingoarlle nada á fasquía e niveis da obra, pódense eliminar dela. Si así non se fai, os xurados que levamos a responsabilidade da decisión colectiva, quedaremos moito máis “collidos” nunha primeira repulsa inintelixente que os que, xa de primeiras, se mostraron en contra ou renuentes... Xa tí me entendes.

Entón, polo tanto, disposto a che remesar a novela, na semán vindeira; pero tí recorda o noso compromiso, e ten mentes de intimarllo, amistosamente, a Xoana Torres. Será bó pra todos, e, primeiro que nada, pra a novela.

Non séi si terás recibido, irónicos “acuses de recibo”, en forma de separatas, de algun perdedor; eu sí que os recibín, e non se me dá un chisco, pois que estóu sempre seguro da miña decisión, mais, como é natural, agradaríame que “o redondeado” da publicación, a viñese coroar e xustificar cumpridamente ¿non sí?

Unha aperta moi cordial, reiterándovos a nosa fonda e leal amizade,

Isidoro Millán P.

²⁰ Xosé María Álvarez López, parente de Xosé María Álvarez Blázquez, catedrático de francés no instituto que hoxe é o Valle Inclán de Pontevedra.

²¹ Xohana Torres Fernández, Santiago de Compostela, 1931, autora dunha única novela, *Adiós, María*, gañadora dun discutidísimo premio do que se fala na carta. O outro finalista era Eduardo Blanco Amor con *Xente ao lonxe*. Se os xurados estiveron no dereito de dictaminar segundo o seu saber e entender, ó decantárense por unha das obras, *Adiós, María*, contra outra, por mor de que ámbalas novelas resultaran finalistas do Premio Galicia, patrocinado polo Centro Galego de Bos Aires, non parece que exerceran soamente con criterios artísticos e literarios que son de razón, aínda que como se pode colexir das cartas cruzadas, outros argumentos *ad personam* puideron incidir no fallo. A confrontación, agora, das dúas novelas publicadas, a primeira no 1971, a segunda no ano 1972 (en edición severamente censurada e expurgada; hai outra, completa, do 1976), non pode ser doada, polas “enmendas e engádegas” que se practicarán na primeira –obra a todas luces moi estimable–, e polas sucesivas correccións que Blanco Amor operou, na segunda, polos encarecimentos que o seu amigo Valentín Paz-Andrade lle rogou insistentemente (véxanse ó respecto as cartas depositadas na Deputación de Ourense, no Arquivo Blanco Amor). En todo caso, Xosé María e Isidoro achantaron coa “responsabilidade da decisión colectiva” por máis que –circunstancias do tempo– non acertaran a ver o pulo épico narrativo que fai de *Xente ao lonxe* unha obra maior da literatura de noso.

XI

[resposta á anterior]

JOSÉ M.^a ALVAREZ BLAZQUEZ

GRAN VIA, 202 – 5.º DCHA.

TELEFONO 233756

VIGO, 9-XII-70

[cabeceira]

Sr. Don Isidoro Millán G.-Pardo

Santiago

Querido Isidoro:

Agradecémosvos moi fondamente, tanto María Luisa coma eu, as vosas garimosas palabras de condolencia. Foi pra nós un novo golpe, non por agardado, i en certo modo lóxico, menos sentido, pois xa o corazón está ateigado de dores e a cada intre a punto de estralar. O pai de María Luisa era un home santo, un alma cándida, cásiqe infantil, co que en 25 anos de convivencia non tiven xamáis o máis cativo roce, senon sóio provas de tenrura e agarimo. Sentínno, pois, como se fora do meu sangue. Deus lle terá dado o descanso a que era merecente, e alá estará agardándonos á par da miña inesquencibre e santa filliña e de todos os que nos precederon niste paso tremendo polo val das bágoas. Cada vez sei máis certo que a vida non é outra cousa senón isto, e probes dos que non o seipan, porque, sendo triste o noso pelegriñar, o seu terá de ser arrepiante, desolador. Moitas veces penso que, total, todo se reduz a uns anos máis ou menos de espera; de todos xeitos, moi pouco tempo. Unha espera tan cativa que non pode caber nela a desesperanza. En fin, querido Isidoro, ti enténdesme moi ben.

Contesto agora ao resto da túa carta. E dígoche que fun eu mesmo quen lle dixen a Xohana Torres que, ao te pedir o exemplar da súa novela, pedise tamén as atinadas notas que presentache ao Xurado, das cales me facía solidario totalmente, posto que incluso era un compromiso pola miña parte, agora máis forte polo feito de que vou ser, por encomenda do Centro Galego de Bs. Aires, o editor da obra. Así, pois, non aforrei esforzos pra que, efeutivamente, o libro saia o máis “redondo” posibre, que eu che prometo insistir cerca de X. T. pra que acepte as túas indicacións. Xa lle faléi diso e

topéina ben disposta, pro, por si acaso, cousiña que me mandaras a min copia da nota que lle envías a ela. O meu irmán Emilio leúu nistes días a novela e gustóulle moito; aínda fixo menos reparos que nós, comprendendo, non embargante, que convén presentala, dentro da súa técnica e mecánica, o menos escura posibre. Como ves, vamos inteiramente de acordo, cousa que, tratándose de tí e máis eu, coido é a cousa máis doada do mundo.

A min non me chegaron panfletos nin separatas dos resentidos e colaterales, pero sí queixas e laios que non acabo de entender. Resulta que, polo visto, todomundo estaba autorizado a xuzgar e prexuzgar, menos, precisamente, os que fomos chamados a facelo. Resulta que os membros do xurado somos parvos, analfabetos e cretinos. Resulta que nunca temos lido novelas, nin novas nin vellas, nin siquiera escribimos un día catro liñas seguidas. Resulta que lle demos o premio a unha paifoca descoñecida, unha especie de Carmen Laforet, que no primeiro Nadal saíu do ausoluto anonimato deixando na cuneta, antre outros, Cesar Gonzalez Ruano, Carlos Martinez Barbeito, Pombo Angulo (coido recordar) e un servidor teu (ben que iste servidor teu era tan anónimo e descoñecido coma a ganadora). Resulta que os tales membros do Xurado non soupemos dobrar a espiña diante as noxentas porcalladas dun desviado sexual, patolóxico, nauseabundo, que nos quería facer comungar con rodas de muíño, nin diante ás fáciles chamadas á sensibilidade demo-liberal dun cuco, perene evadido de todo compromiso político-social, metido a escritor serodio, dempóis de ser estupendo tenedor de libros.

Craro está que non nos decatamos de que todo estaba profetizado polos profetas de oficio, polos augures de clan e máis pola bruxa de Budiño, moi famosa ela, xa finada, pro reencarnada nunha neta pitañosa e flebe. ¡Pra outra vez xa o sabes!

E agora déixame falar de cousas máis gratas, que seica tamén a ti te agradarán. Sigo nas miñas pesquisas de verbos galegos antergos, e porque Deus debe querer darme algún cativo consolo e un afán que encha as miñas horas, pra que a tristeza non me apouviue, diréite que nos derradeiros tempos topéi: 1º, oito composicións descoñecidas do Cura de Fruime; 2º, doce vilancicos idem de Castro y Neira e Luis Corral (12 antre os dous); 3º, perto de 50 vilancicos (tamén galegos ou “imitantes”, pro de gran interés histórico-lingüístico todos eles) que se cantaron nos séculos XVII, XVIII e comezos do XIX, en Toledo, Segovia, Madrid, Valladolid, Cádiz, Sevilla, Jerez de la Frontera, etc.; 4º, varios diálogos políticos en verso, arredor

do 1830... ¡Estóuranme as carpetas de tanto papel, de tanto microfilm e fotocopia! E inda estourarán máis, porque non rematéi a pesquisa, nin moito menos.

No ano que ven, Deo volente, teño que dar isto á imprenta. Empezaréi polos Vilancicos, cunha introducción e algunhas notas. O meu desexo, fondo, sincerísimo, cásiqúe dooroso, é que ti lle puxeras o Vocabulario, ao final, non só pra acrarar palabras escuras –e inda convencionás– senón tamén xiros e formas espresivas. Incruso coido que se deberían datar e localizar as palabras máis importantes, pra así sabermos que en tal ou tales anos se escribía, p. ex. “Deus” e non Dios, “dona” e non doña, ou outras formas. Deus non é palabra que precise espricación nin definición, pro si tras ela poñemos (S. 1645) indicaremos que no noso corpus –o máis mesto dende os Cancioneiros– a atopamos por primeira vez en Sevilla no ano 1645. Pensa nisto; si me dices SI, eu che demostrarei que non é grande traballo e che diréi cómo coido que o poderemos ir facendo. Si me dices NON, non vamos reñir. Iso nunca.

Lembranzas garimosas a China de Maísa e miñas. Unha aperta moi cordial

Xosé M

P/S.- Non comentas con ninguén istes meus achados de textos galegos; pódennme seguir os pasos e darme cos niños que teño antre as mans. Aínda non lles tiréi todos os ovos, que vaian a eles cando fuxan os paxaros.

¿Por qué mala sorte pra min non eres –non sodes– catedráticos en Vigo? Un amigo coma tí, co que eu poidera falar e aprender, non o teño nista grande vila da sardiña e da “merluza a la primavera”. Menos mal que xa podo falar –e aprender– dos meus fillos “filosofantes”. O máis vello estásame facendo “gramático estrutural”, unha cousa que me dá medo.

XII

TELEGRAMA (mataselos: 27 FEB 71 VIGO)

José María Álvarez Blázquez

Libienz²² Monterrey General
Aranda

---SNB/55/VIGO DE SANTIAGO 451 29 27 1130

²² Por Librería.

Alegremente recibida por Misia Rosina y firmantepega rabilonga stop estimo hondamente dedicatoria a símbolo amistad correspondida con devoción cordial + Isidoro

XIII

INSTITUTO NACIONAL DE ENSEÑANZA MEDIA

«ROSALÍA CASTRO»

SANTIAGO DE COMPOSTELA

29-VI-71

Sr. D. Xosé María Álvarez Blázquez
VIGO

Querido Xosé María:

As cartas máis estimadas son as máis tarde contestadas. Esta sorte lles tocóu á tua, e á moi garimosa, saída tamén do corazón, de don Ramón Otero, a quen lle contesto neste mesmo intre. No seu momento, fóronme as dúas de moito confortamento na tristeza daqueles días.

Choni²³, -tí, conóciala pero cecáis non a tiveras tratado moito-, era todo xenerosidade, alegría e corazón, cunha intelixencia vivaz e aberta, e unha entrega garimosa e preocupada aos meus pais e a todos nós... Xa comprendes o qué sinificou de irreparable a súa perda. O consolo, verdadeiro e profundo, é o de relembra-la a fê, a dozura e a enteireza coa que puxo a súa vida nas máns do noso Pai, Deus, deica o último intre, no que eu estiven ao seu lado, suxeríndolle as derradeiras oracións namentras daba gracias, media hora despóis de recibir ao Señor. É unha lembranza agridoce, que non sabes si queres conservala pra sempre, ou esquecela...

Dálle moitas gracias tamén a María Luísa. Contamos con vervos calquera día deste vran. Ao voso fillo atopéimo na Facultade días pasados, preguntéille polos resultados do curso, e permitínme darlle unha pequena “pinchada”, pois, pra un rapaz do seu talento, non é un resultado decente o de *pasar* o curso, senón o de outar nél as millores calificacións. Non séi si lle agradaría a ouservación, pero si ún non pode falar con franqueza e liberdade de esprito aos fillos dos amigos que queremos, ¿en qué mundo estamos e pra qué demo sirven a amizade e a conversa? Sinto nono tér tratado máis de acotío, pois que algún bó consello e algunha axuda, teríallos prestado de mil amores.

²³ Irmá maior de Isidoro Millán, Encarnación, falecida daquela.

Unha aperta moi forte e agradecida de,
Isidoro

Ps. ¿Qué foi da novela premiada da X. Torres? Vánnos tirar os trastos á cabeza, si non se acredita, públicamente, o seu mérito...

XIV
[resposta á anterior]

JOSE M.^a ALVAREZ BLAZQUEZ

GRAN VIA, 202 – 5.º DCHA.
TELEFONO 233756
VIGO, 1-7-71
[cabeceira]

Sr. D. Isidoro Millán G.-Pardo
Instituto Rosalía Castro
Santiago

Querido Isidoro:

Sei ben da túa dor, porque, antre as miñas perdas, tamén está a dun hirmán, que se foi en plena mocidade –27 anos–, cheo de ilusións e de xenerosidade. Cada vez que fago reconto, i é moi adoito, comprendo menos o significado da vida i o por qué dista tremenda loita. Que Deus vos vaia dando conformidade, xa que tivéchedes o consolo de ver que a vosa Choni ía tan dereitiña ao Ceo. A carta do teu querido pai, lembrando ás nosas fillas, fixome chorar moito. Deixemos isto, xa que no fondo nunca o deixamos.

Non hai quen poda cos rapaces. Prediquéille ao meu máis vello, niste curso e no pasado, que cultivase a túa amizade e trato, do que somente se deducirían beneficios pra il. Pero o que pasa é que non teñen tempo pra derramalo en cousas positivas, porque o derraman a oito de mil modos. Non embargantes, fagámoslle xusticia: o rapaz é traballador e consciente –demasiado cicáis, pois se decata das graves fallas que ten a Universidade, e fíxose xa un escético universal. Non sacóu niste curso as notas dos pasados, pro ten algún sobresaliente e notables. En troques, apañóu o

primeiro suspenso da súa vida, ¡en italiano! Estívolle ben, porque non traballou nada e nin tan siquiera foi a clases.

O outro fillo, que está en 1º, tivo grandes dificultades pra se acomodar ao novo ambiente, incluso por enfermédá, e suspenderá unha ou dúas. Anda ben de grego e latín, que espera aprobar e poida que nalgunha con nota. Quéixase do prof. de Filosofía, por non saber ensinar, e da prof. de Xeografía, por arbitraria. Os rapaces están hoxe cheos de problemas, reás ou supostos –pro si eles os teñen por tales, son problemas tamén–; quería eu que os escoitaras á mesa. É difícil temperar o que eles pensan co que pensamos nós, inda que eu son moi propenso a pensar como eles.

A novela de Xohana Torres sairá, Deo volente, dentro dun par de semanas. Está composta e correxida. A autora –dura de pelar– fíxonos bastante caso. Queda xeitosa. Dime por onde vas andar, porque quero mandarte un dos primeiros exemplares.

Moitas lembranzas a China de María Luisa e miñas, co degaro de nos ver, como ti dis, niste vran. ¿Por qué non vides a Coruxo a pasar un día con nós? Avísame, pra te encamiñar. Chámame ao teléfono da librería, 233843. (Niste momento chamóume Xohana Torres, pra saber da novela; mándame un saúdo pra ti).

Apertas moi fondas

Xosé M^a

XV

Vigo, 23 San Xohán 1972

EDICIÓNS CASTRELOS

FALPERRA, 33

23 38 43

TELEFONOS

21 23 54

VIGO

[cabeceira]

Sr. Don Isidoro Millán G.-Pardo

Santiago.

Querido Isidoro:

Lin en “Grial”²⁴ a recensión do teu traballo sober das tres voces prerrománs que acabas de descubrir, cousa que me enche de ledicia e hastra de emoción. Miña máis afervoadada –de “ferver”– noraboa. Eu ben quixera ter unha separata do teu estudo, ou polo menos podelo ler “in extenso”, mais calculo que terás poucas, cicáis ningunha. Pro si me podes favorecer cun regalo tan estupendo, heicho de agradecer como poida.

E agora, si estás de vagar, vente comigo a dar unha voltíña por calquera recanto da Galicia celta ou prerromán. Hai castros, millenta castros, unhas leiriñas cultivadas a carón deles, nas beiras dos ríos e regatos, e todo o demáis... monte. Monte outo e baixo, pro monte mesto sempre, i é no baixo principalmente –uces, toxo, carqueixa, etc.– onde o noso amigo o RUO ten o seu cobexo, e de onde parte prás desfeitas nouturnas nos cativos campos do probe labrego celta, porque o tal animalíño sempre foi moi gorentoso das prantas tenras, aparte de que a lei do mínimo esforzo lle empurra a fozar mais agusto na terra remexida. A verdá, calquera de nós faría o mesmo.

Ben; xa estamos na touza espesa, dunha espesidume prehistórica, por onde o home non se astrevía a transitar, no(n) só por medo ás animalias, senón principalmente, pola imposibilidade de atravesar a corpo limpo e pé ispido os ferores matos que lle facían cerco por todas partes. Camiños... o que se dí camiños, habería uns poucos: os que levaban ós pequenos cultivos, á beiramar e, si acaso, algún que outro de comunicación cos castros veciños. En suma, a terra estaba chea de barbas ríspetas, sin rapar. Cando o home quería aventurar a traveso do mato, andaría a machadazos coma os negros, ou ben –iste é o lugar a onde vas vir comigo– aproveitaría as estreitas sendas que os animais abrían no medio dos matos pra iren ós seus lugares de querencia. I é cousa sabida polos cazadores, antre os que nalgún tempo me contéi (da man do meu lembrado pai) que o RUO é un inxeniero de camiños de primeira categoría: non hai toxeira nin uceira que se lle resista, e por onde il pasa deixa o camiño aberto. Inda que pequenote de corpo, estroza a vexetación dunha banda e outra, i é por alí que os cazadores arriscados o buscan, cos feros cans por diante. Conocín a un venador indíxena –por mal nome Riandiño, da parroquia de Malvas, en Tui– que matou na súa vida máis de trinta RUOS, case sempre seguindo istes sendeiros abertos na maleza pola propia fera. Se algún día te decides a facer a cazata do RUO, o

²⁴ Grial nº 36 (abril, maio, xuño 1972), páxs. 247-248, coa recensión do tomo XXXIX de “Emérita”. O traballo firmamo con Millán, Fernando Acuña Castroviejo e Alfredo García Alén.

meu consello é que te metas polo seu propio RUEIRO. E tamén se queres ir monte a través, onde o home non abriu senda, aproveita a do RUO, e ben che irá.

Sei que estarás canso de aturarme e de tanto tripar silvas. Alá tí, se me botas na cara unha risada escéptica, inda ben que, por piedade, non me queiras chamar tolo. Pro mentres non me demostres que RUEIRO está, sen dúbidas, no latín, e inda estando, que non tomou o étimo do seu primo celta; e que RUA poderá vir do francés, pro non demostra nada en contra, e que RUEIRO pode ter orixe máis remoto, e que etc. etc. etc., quédome eiquí tan pancho, agardando a túa resposta, se ma queres dar.

Lembranzas a China. Apertas fondas,

Xosé M^a

P/S: Agora penso: ¿e si tí dices todo isto no teu traballo? Pois sería unha alegría pra min, e cicáis a coincidencia servise pra te afianzar máis no suposto.

XVI

Vilagarcía de Arousa

29-IX-1973

Sr. D. Xosé María Álvarez Blázquez

Librería Monterrey

VIGO

Benquerido Xosé María:

Os primeiros párrafos de ésta teñen por destinatario ao teu fillo Pepe. Fun onte a Santiago co primordial intento de comprobar o estado de matrícula, e de reforzar a cuña coa que o teño calzado no ánimo e previsións do Director. Isto último quedou feito, porque estaba no Centro Hilario Sainz. É boísima persoa e amigo verdadeiro e quere compracerme. Ten, incluso, o nome de Pepe nun apunte enriba da sua mesa, por si se presenta o caso nestes días de ter que facer “in promptu” unha proposta nominal á Delegación. O número de nenas matriculadas en Letras nos cursos superiores nonos foi posible coñecelo, xa que habería que se suspender a matriculación por dúas horas pra conseguilo. E non rematara aínda a inscrición.

O día 2 axuntarémonos en Claustro, i éste será o intre, á vista da situación total, de darlle unha volta definitiva a torca. Non dubidedes do meu interés e de que botaréi o resto en encaixar a Pepe como profesor na miña cátedra. A cousa non é tan doada como en anos pasados, pro estou confiado de que o lograremos, e teréivos ao tanto.

E aproveito a ocasión pra che engadir algunha cousa “de re litteraria”. Non che remeso eiquí o folletíño do *Rechamo* –xa o xerocopiéi pra o meu uso– porque non me quero espór a que se perda. Devolveréicho en mán. A notiña manuscrita na folla da coberta (“S. D. Eduardo Arines”) é, no meu ver, autógrafa de Pintos, como che apuntéi. Pintos cita aos Arines, entre os fillos ilustres da Universidade, no poema. O libro de Fz Costas aínda nono puiden consultar; estiven onte no P. Sarmiento, pero nono poseen alí. –Polos expedientes escolares do Arquivo Universitario saquéi noticias dos Arines. Procedían de Santa Maía de Villaza, de Tui, e o de noso interés, Eduardo Arines e Barros, nado en Tui en 1826, Bachiller en Medicina e Cirucía en 1850, licenciouse na mesma Facultade en 1852. ¿Exercería despois en Tui ou, cecáis, en Vigo? ¿Trataríao Pintos nesta cidade? Si a resposta á cuestión derradeira, é positiva, co elo dataríamos o *Rechamo* despois de 1862, en que se trasladou Pintos a Vigo. E, ao mellor, poderíamos outar un seguro “terminus ante quem” si, por unha mala sorte para Arines e boa para a cronoloxía literaria, ocorrúlle a morte antes de 1874 ou de 1868 etc... Ahí che quedan esas cavilacións que, nunha ocasión inesperada, poden atopar resposta.--- A Vesteiro Torres maxino que Pintos o puido tratar en Vigo, si aquél vivéu no seu pobo natal, antes de pasar a Madrid. (A única composición que me resta por lér das da bibliografía de Pintos, é a adicada a Vesteiro no *Heraldo Gallego* de Ourense; escribínlle a Ferro Couselo a tal propósito, pero dáme a impresión que non contesta a ninguén. Está a agarda...).

Outra boa noticia. Apareceu unha poesía de Pintos descoñecida, *Queixume de unha fonte*. Alude á da Ferreiría de Pontevedra, esborrallada en 1857, data do poema. Este foi inxerido polo meu abó Millán²⁵, en 1929, nun comentario ás “andanzas” de aquela fonte (penso que meu abó non publicou este artigo), e daio por “inédito”. Poida que, nefeuo, o teña sido xa na época en que o compuxo Pintos, posto que é moi acedo e satirento pra os señores do Concello. En ningures o víu eu citado.

Axúntoche unha separata (recibínas onte en Santiago) do derradeiro número de EMERITA, que contén o complemento ao traballo anterior encol do *ruo*. Queda máis firme que as torres da Catedral, quero dicir a etimoloxía de *ruo*, e “intra muros” doulle unha pancada convincente a Tovar, que ma poñía en “cuarentena maxistral” nunha carta privada²⁶. E fica tamén dilucidado, reivindicado pra o sustrato céltico do país, o orixe de *corgo*, *arroio*, etc. Teño unhas ansias indecibles de librarme destas andrómenas

²⁵ José Millán Millán,

²⁶ Que non atopamos no arquivo de Isidoro.

académicas, pra pecharme ben pechadiño na miña torre ebúrnea e tratarme nada máis cos celtas e o seu contorno indoeuropeo. A miña teima é que a indoeuropeización de Oucidente é moito máis antiga do que se ven supondo, e que estas camadas léxicas do país galego non son de onte acá, como o confirmará o análise completo da nomenclatura do carro, que espera turno despois de que acabemos con don Xoán Manoel...

Unha aperta cordial, e, para tua muller e fillos, garimosos saúdos do voso amigo,

Isidoro M P

Lembranzas de China pra todos vós

XVII

28.XI.1973

Sr. D. Xosé M^a Alvarez Blázquez
VIGO

Querido Xosé María:

Moitas gracias pola vosa visita e pola tua carta. Sentimos de veras non vos ter visto. Raro é o sábado en que non tomamos o portante cara ao Sul, “onde frolece o laranxeiro” e o pino se marida coa palmeira... Aos aquelarres de Coiro, aínda non fomos, pro, con tal de fuxire da tristura do “week-end” en Compostela, coido que a meiga da miña muller non poría reparos a virárese en bruxa e montar no rabo dunha escoba que a puxese na Arousa ou na veira do Lérez a mil por hora. Fun polo vento –vin polo aire!...

Éche curioso o de *O loito* de Pintos. Cópioche o derradeiro párrafo que, o sábado de marras, refíxera no discurso:

“Inxeriréi neste lugar un poema que ninguén ten citado, de época que descoñezo e que tiven a boa sorte de atopar, entremedias do meu discurso, coa axuda amical de dona María Luísa Pintos Fonseca, bisneta do poeta pontevedrés. Déuse a luz como “poesía inédita” no número 11 de *O Novo Galiciano de Pontevedra* (28.X.1888) e leva por título *O loito*. É un romance de 88 octosílabos en comento do curioso costume, que Pintos fixa eiquí en Vedra, na Ulla, pro do que eu mesmo soupén non hai moitos anos en Noalla, de poñeren e gardaren loito as familias dos emigrantes a Ultramar namentras non tivesen noticia do feliz arribo do vapor ao porto de destino...”

É o poema do que me falas, craro está, pro agora vexo que a sua primeira publicación foi a de *Galicia Humorística*, en Febreiro de aquel mesmo ano. O que ten de estar trabucado é a data: “Vigo, 1857”, pois que por tal tempo Pintos residía aínda en Pontevedra e non se trasladou a Vigo hastra o ano 1861 ou 62. No periódico de Pontevedra non leva data. ¿Non será do ano 1867?... Xa teño copia de *O loito* tomada do periódico devandito, mais agradézoche moito o novo aviso. ¡Non se che escapa unha!

Non tendes que me agradecer nada do caso de Pepe. Era tanto meu como voso, e o que sí tivemos todos nós foi unha sorte non pequena e axudadores verdadeiramente amigos e valiosos, empezando por Hilario Sainz, que tamén tomou a cousa como sua. O traballo no Instituto é certo que non será escaso, cantimáis facendo as primeiras armas e tendo a preocupación de asegurar o rigor e craridade das espricacións, e o trato máis axeitado cos alumnos, unha temperanza de mútuo cariño e respecto. Pepe, polo tanto, ten razón en afirmar que non lle será posible facer o curso de doctorado neste mesmo ano; mais con eso, eu coido que sí podería ir recollendo material pra a tesina, dempóis de ben delimitado o campo en que teima de traballar e os ouxectivos que se propoña nél... Si así o fixera, seríalle doado ler en Setembro a tesina, o que sempre é un avance comenente. (Pro non lle digas nada a él. Hai que precurar aconsellalos... “de esguello”, como xa o faréi eu mesmo, si teño ocasión...)

Lembranzas cariñosas pra ámbolos dous, de China e miñas, e tí recibe unha aberta amiga de,

Isidoro

XVIII

Santiago de Compostela

10.III.1976

Sr. D. Xosé M^a Alvarez Blázquez

Gran Vía 200 – 5º dra

VIGO

Querido Xosé María:

¡En qué bó lio me enleaches! Pro, xustamente, os problemas máis difíciles son os que ademiten solucións rápidas e de sobremesa. Son as que che suxiro. As solucións precisas, matizadas, documentadas, requererían tempos e consultas de libros de que non dispoño, mais que che podo tamén indicar.

Ese folleto antroponomástico galego requer un despoxo sistemático da toponimia enxebre do santoral das parroquias (moito está na GG de Carreras Candi, e coido que o terás aproveitado). Habería, por outra banda, que percorrer, lápiz na mán, toda a documentación galega medieval e postmedieval publicada deica agora, estraíndo delas as variadas formas dos antropónimos. –En Saco Arce hai unha listiña pequena, si non marro, de formas típicas de nomes de persoa, e outra no dicionario da rima de Ibáñez Fernández. Ouservo que algunha destas formas derradeiras nona recolles na tua lista.– Item máis, haberías de acudir aos repertorios lusos, e, máis que nada, ao inxente de Leite de Vasconcelos, que che enchería os moldes, ratificando ou asegurando ou escrarecendo moitos antropónimos galegos símiles. Isto, no atinxinte ás fontes, que che aconsello consultes denantes de mandar o libriño ao prelo.

A información oral tampouco é de rexeitar. Cadano me deixa pampo algún que outro “nome” que me entra pola clase. (Dosindas, poño por caso, teño dabondo, e coido que é unha variante de Adosinda, a metade de camiño antre a forma primitiva e a máis popular; etc etc).

En canto aos criterios pra elencar as formas, débese distinguir antre: a) formas aceptas en galego, pro cultas ou semicultas, máis ou menos achegadas ao modelo latino, ou xermánico etc etc; b) formas galegas evolucionadas (ou, como dirían os de alen-Miño, “evoluídas”), asegún leis lingüísticas que produciron resultados peculiares e lexítimos na nosa área galego-falante (son as formas galegas máis enxebres); c) formas vulgares (no fonetismo, na fasquía gráfica etc), que poden representar ou alófonos restrinxidos, ou, moitas veces, barbarismos ou deturpacións do modelo ou paralelo castelán, e non tanto do resultado galego patrimonial. Pódense tamén averbar, pro, polo xeral, non deben ser ouxeto dunha recomendación preferente. Unha cousa é prestixiar a fala e outra ben distinta barbarizala, ou diferenciala, innecesariamente.

Non teño autoridade nen documentación valiosa en materia onomástica, pro ben me decato que si te tomas o traballo de demorar un pouquiño de tempo a publicación, refacendo a lista asegún estes criterios e fontes, arrequentarás

moitísimo o repertorio e autorizaralo moito máis. Créemo. Non che impido, que, si hai caso, deas debaixo da forma máis millor as que non pasen de ser variacións vulgares etc etc, vólvoche a repetir, ou das que haxa constancia gráfica en vella documentación, mais compre que xerarquices as normas de emprego ou revitalización, pra que o santoral non se nos convirta nunha babel.

Coido que, a tenor do dito, decataráste do sentido dalgunhas ouservacións sumarias que engado de cor bermella.

Unha aperta cordial. Esta tardiña vouna adicar ao resumen do substrato galego que me pediron hai tanto tempo.

XIX

[resposta á anterior]

Vigo, 14.3.76

Sr. Don Isidoro Millán G.-Pardo

Av. Coruña, 6-3º D.

Santiago

Querido Isidoro:

Agradézoche moitísimo a presa con que deche ampra e cumprida satisfacción á miña demanda encol do antroponomástico galego, cos teus axeitados consellos e as correccións feitas. Todo moi valioso.

Non teñas medo de que me precipite; ben sei que é cousa de tomar con certa calma, pero o que non quero é postergalo demasiado, por se alguén se me adianta. O que che mandei era un inicio, feito a base de algunhas notas que tiña tomado. Xa vira e aproveitara o Saco y Arce; todo o que inxire García de Diego, que é abondoso, sobor de todo nas formas vulgares, que aproveita pra arrimar a brasa á súa sardiña; o Dicionario de D. Eladio; os textos medievais que teño a man, que inda son bastantes, pro que resultan dunha monotonía apovigante (resultóume aproveitable “A vida e a fala...” nos nomes xudeos de Ourense), etc.

Eu xa matinara que habería que facer algo pra separar os nomes xenuinos, é decir, as formas enxebres galegas, dos vulgarismos, por unha banda, e dos arcaismos pola outra. Agora xa decidín que a cousa pode resolverse diste xeito:

BAIA (nome ou forma xenuína, consagrada)

Vaia (variante)

Alvira (vulgarismo)

Abrafán (a.) (forma anterga)

Con catro tipos de letra pódense indicar os catro casos que se dan. A forma anterga, coa indicación (a.) irá co tipo das variantes. E xa pensando así, coido que se pode dar cabida a máis nomes medievais, incluso os de orixen novelesco, que hai un exemplario moi interesante, anque señan iguais ás formas casteláns, pro que tiveron moito uso en Galicia.

O tal Abrafán, p. e., está nos testos ourensáns de Ferro. O Cipiao ou Sepiao, tiréino da “España Sagrada”, por pertencer a unha parroquia do N. de Portugal adscrita en tempos á mitra de Tui. Penso, logo, que tamén deberon ter uso as dúas formas entre nós. A forma vulgar Aguadelupe –que non me gusta nada– tiréina da pequena lista de Saco; cando el o dí... O mesmo acontécese co insólito, aberrante FARTURO (cast. Arturo). Coido, precisamente, que por vía do cast., teráse ocasionado unha falsa etimoloxía popular deste nome, espresador dunha suposta “fartura” no seu proto-nomeado. O que non se esprica por vía filolóxica, cicáis teña unha razón por vía “filosófica”. O que sí, coido, é que non será invención de Saco y Arce, home serio e non desconecedor das leis que se opúñan a tan estrana forma. ¿E el non acontecería, acaso, que se interferisen outros antroponimos de sinificados concretos, en certo modo paralelos, como Fortunato, por exemplo? É un asunto curioso, dende logo, pro eu non me podo parar a debullalo. Neste e noutros casos, teréime que conformar con que algunha autoridade os avale. O uso é a autoridade máis certa, mais tampouco resulta doado comprobalo sempre.

As dúbidas, naturalmente, son moitas. Un exemplo máis: o Ateulfo, que tí pos entre interrogantes, está na “Corónica de Iria”, referida ao bispo Ataúlfo, acusado de sodomía e posto na praza fronte a un touro bravo. Ora ben, tí escribes a continuación “Adolfo”, i é craro que iste procede de Ataúlfo, pois a forma galega daría “Adelfo”, coido. A solución será poñerlle a Ateulfo a (a.) de antergo, e listo.

Resumindo, pois xa che estou mallando de máis, hai que anotar coidadosamente, ca correspondente expresión gráfica, cada caso, e sobor de todo os vulgarismos, pra que non haxa engano. Así, en Candelaira=Candeloria (Tí dasme unha nova forma, que eu desconecía, Candeloira), penso que a segunda deberá ir en cursiva,

como popular. Como sabes, está en varias paremias, en función de palabra asoante (“Pola Candeloria cásanse os paxariños e vaise a galiñola”, etc.) Outro caso que me interrogas é o de Colmado. Hai a ermida de San Colmado, no alto do mesmo nome, a 4 kms. en liña reuta da ventá por onde estóu a mirar a paisaxe. Dixéronme sempre todos os vellos do lugar que o tal San Colmado é San Cosme, pero por qué voltas fonéticas, filolóxicas, semánticas... circenses, nono sei. ¿Non nos estará a xogar eiquí outra broma algunha etimoloxía popular? ¿O bo menciñeiro non pasaría prás nosas xentes por un trance semellante ao de Farturo, que lle había que dar un valor concreto ao seu nome, como “colmado” de cencia e de bondá?

En fin, iste é o conto de nunca acabar. Algún día, Deo volente, tornaréiche a dar a lata coil. Por agora quedas en paz, que xa abondo cha din. Remata axiña ise substrato galego que tes antre mans, e non deixes morrer de tristura ao noso don Xohán Manoel, porque ten de estar na rúa iste Ano Santo de 1976. Estamos emplazados pra Semana Santa.

Lembranzas a China (non a de Mao-Tsé-Tung, senón a de Bo-Eres-Ti) de parte de Maísa e da miña, con fortes apertas pra ti

Xosé M

XX

JOSE M.ª ALVAREZ BLAZQUEZ

Gran Vía, 200-5.º Dcha.

VIGO

[cabeceira]

31.Maio.1976

Querido Isidoro:

Supoño que verías a obra de J. R. Barreiro Fernández, “El carlismo gallego”. Eu merquéina hoxe e non fixen máis que folleala. Alí están moitas xentes que nos interesan, antre eles o ben querido Malvar. Nas páxinas 116-118 dáse noticia dun importantísimo diálogo galego (e. 1834) de cuño conservador, cicáis réplica aos primeiros escritos panfletarios do coengo liberal. Coido que non se tería publicado, e Barreiro sóio fala de ms. da época que ten inédito no seu poder. Xa comprenderás que nin ti nin eu podemos pasar por alto iste testo, e hai que facer o imposible pra acadar unha copia, a máis da pertinente autorización do seu descubridor pra publicalo. Eu

comprométome a citar a Barreiro –a quen non conozo– coas “honras e preeminencias” que o caso require, si me autoriza a inxerilo no meu tomo da prosa política do XIX. Pola túa parte, coido que terás que velo prá túa tesis sobor da autoría dos “Diálogos”, pois é verosímil que Malvar seña aludido dun xeito ou outro.

¿Qué facer? ¿Tes resortes pra deschoer as portas do segredo? ¿Tratas a Barreiro? ¿Tes amigos comúns? ¡Axúdame e axúdate! É unha noticia que me ten ardendo. Fíxate que é o único testo galego daquela tempá dende a banda dereita da arraiada política. Eu teño algún moito máis tardeiro, do 69, de Tui, pro de pouca extensión.

¿Cómo vai o noso don Xohán Manuel? Eu estou parado, mais niste vran arrinco de vez cos panfletos. ¡Xúrocho!

Lembranzas a China. Apertas pra ti

Xosé M

XXI

Hotel El Hórreo

CORCUBIÓN (La Coruña)

Hermanos Mouzo

Apartado de Correos. Nº 8- Tfños. 154-155-158.

1.VIII.76

[aínda que parece que puido haber algunha outra carta ou conversa intermedia, o asunto é continuación do da anterior]

Sr. D. Xosé María Álvarez Blázquez
VIGO

Querido Xosé María:

Estiven onte en Vigo na boda dun sobriño, e voltéi por Santiago esta mañán, tarde de máis pra asistir á xuntanza do Museo do Pobo Galego. Sentínno ben. E máis cando soupen por unha chamada telefónica de Silva, o dono de “Follas Novas”, que ti tiñas mentes de visitala hoxe, como de ter ido a aquela mesma reunión.

Ás 4 p.m. tiven que coller o coche pra Corcubión e veleiquí polo que me corre presa comunicarche todo o que sigue.

Como che indicara, empecéi a “facerlle as beiras” a Barreiro, por mor do teu asunto, dirixíndolle unha carta de felicitación, merecida dende logo, polo libro do

Carlismo galego; pro non lle toquéi nesta carta o caso concreto teu, pois que é máis pra falado, “in promptu et ad faciem”, que non pra sere escrito de lonxe e sin posibilidades de dialéctica coloquial. Pro, dempóis, xa non me foi doado velo en Santiago. Estando xa eiquí, atopéime no mercado de Cée, arredor do 15, a unha irmán de Barreiro que foi a miña alumna, e que me dixo estaban pasando unha tempada en Carnota.

A cousa podería ter espera, si non fose porque lle escoitei a Carballo do seu propósito de arranxar este vran a edición das prosas galegas, coa mira posta nos universitarios. Eu non séi si será unha antoloxía pra “uso interno”, ou pra xeral espallamento, pro como él anda polos seus camiños, coido que non compre que te durmas nas parras. Dálle a man derradeira ao libro e lánzao, si che é facedeiro, axiña.

Pra “achanzar” a vía a Barreiro, espriquéille a Silva²⁷ na conversa telefónica o esencial do teu desexo de incorporar o diálogo carlista ao teu libro, e demandéille polo estado das suas relacións con Barreiro, que son boas. Polo tanto, non habería nin puxo óbice á suxerencia de obrar de mediador. O malo é localizar agora a Barreiro. Pro tí apresa esta xestión acodindo ao propio Silva.

Dimpóis do domingo da Peregrina estaréi en Vilagarcía ou Pontevedra, sin marchar ao estranxeiro, non sendo unha escapadiña de duas xornadas a Portugal, pra ver o “situs” da inscrición de Lamas de Moledo. Seméllame ter a clave definitiva da sua interpretación, pro non quero compor un artigo “ad hoc” sin ollar o sitio. En vindo de volta, porémonos de acordo, pra tódalas cuestións pendentes.

E máis nada. Aprésate. Dáme unha preguiza dos demos rematar o de Acuña e Malvar, pois que estáo metido en céltico do curuto ao rabo, pero faréino por tí, “Deo volente”. –Tí dispón xa en forma todo o material, que eu che elaboraréi todo o que séi, pola miña parte.

Unha aperta cordial de

Isidoro

Lembranzas a María Luisa e tódolos da casa.

XXII

14.VI.1978

[leva como anexo a carta de Isidoro Millán a Domingo García Sabell, Presidente da RAG, de 12.VI.1978]

²⁷ Rafael Silva Costoya, editor e libreiro santiagués.

Sr. D. Xosé M^a Alvarez Blázquez
VIGO

Benquerido amigo:

Non quero montar ningún xénero de drama, rebumbio escandaloso nin tramoia publicitaria ou sensacionalista coa miña decisión, meditada e firme, de ser baixa definitiva na Academia Galega, decisión que lle comunicuéi onte a García Sabell mediante a carta da que che adxunto copia.

Non che mandara estas liñas, polo tanto, si non fose porque especiais vencellos de amizade, compañeirismo ou de trato nestes anos, ou xa de antes, fanme pensar que está indicado que tí, como tamén outros amigos, seipan xustamente polo meu conducto, con antelación á comunicación que [vos] faga o Presidente, tanto o feito en sí como os motivos, pra mín imperiosos, nos que fundéi a decisión que tomo.

Non che pido que compartas a miña visión do que debера ser a Academia nin tampouco que aprobes a miña decisión. Pídoche somentes que teñas por certo que, suposta aquela visión das cousas e os atrancos e importantes discrepancias que manifestan que endexamáis se virará ela en feito real, eu non atopéi ningunha outra vía, no meu propio caso, de manterme coherente cos meus criterios lóxicos, éticos e, últimamente, co que coidaba que lle compría a Galicia e á Academia, cun apremio máis urxente e decisivo hoxe do que nunca o foi. E, si son eu o que vai errado e un futuro xa moi inmediato non se encarga de probar a miña razón, cangue enriba de mín o seu pecado, que coa miña perda, non se perde moito.

Recibe unha cordial aperta, como decote, do teu amigo e servidor,
Isidoro Millán Pardo.

[Segue a carta ao Presidente da RAG]²⁸

Santiago de Compostela
12.VI.1978

Sr. D. Domingo García Sabell
Presidente da R.A.G.
CRUÑA

Ilustre Presidente:

²⁸ Esta carta non segue a numeración por ser anexo da anterior.

As determinacións que che comunicaréi nesta carta proceden dunha recapitulación atenta e fría, e non dunha arroutada pasaxeira ou dun despique persoal que se desafoga co estalido de catro verbas “in promptu”. Non me poderéi escusar, polo tanto, dos párrafos que compren para as espor, en abono da xustificación moral e lóxica coa que procedo.

Fun nomeado Académico escontra do meu desexo e da reiterada oposición, inda que sempre cortés, que lle manifestéi aos meus propoñentes. Sábenno ben aqueles Académicos cos que entón tratéi.

Desde que me decidín a ingresar –o 17 de Maio de 1975–, e xa denantes, tiven mentes da necesidade perentoria e absoluta da reforma dos Estatutos ou, por mellor dicir, dunha nova configuración de toda a Academia, dende os pes ao curuto, pra que fose dunha vez o que xamáis ela foi, nin no intre mesmo da fundación: un corpo escolleito do mellorciño da Cultura galega e, a un tempo e a unha man, un verdadeiro fogar de traballo organizado humanístico e o científico naquel ámbito e, derradeiramente, centro e cúpula amparadora da galeguización transcendente e paulatina, comprometida coa Fala, do estamento intelectual superior da nosa Terra, en Ciencias e Letras. Impulsar, na medida das miñas forzas, este trocamento da nosa anquilosada Institución, foi a arela íntima que me levóu a entrar na Academia.

Non estou forxando unha motivación apriorística dos meus actos. Ahí tendes o Libro de Actas que dará fe do que digo, dende a primeira xuntanza ordinaria a que asistín, o 8 do San Xoán de 1975. Onde nono expresen as Actas, apelo ás lembranzas dos Académicos. Non me han deixar por mentireiro.

Estóu tamén tranquilo polo que concerne a miña persoal colaboración na actividade académica destes tres anos, aínda que esto fose nun marco organizativo que se caía de podre, entorpecedor ou anulador dos mellores esforzos. No alcance das miñas posibilidades, non lle falléi á Academia na asistencia cáseque ininterrumpida ás sesións, na redacción de discursos, folleto de homenaxe a Pintos, ou de longos dictames das Comisións de Lingüística ou de Toponimia, na defensa afervorada da dignidade e independencia da Corporación... Coido que estarán contestes cantos Académicos teñan sido copartícipes nestes mesmos labores ou preocupacións.

Non me daban azos pra esta postura os estímulos emanados da cativa realidade corporativa presente (pesia aos extraordinarios méritos individuais dos Académicos), senón a virtude da esperanza nunha “entelequia” –no senso aristotélico–: a da Academia futura que, coa forza dunha reorganización intelixente, podería cumprir eficazmente cos

seus fins ao servizo de Galicia, da Cultura e da Ciencia, librándoa de tres distintos perigos que, máis do que nunca, agora a ameazan: a perduración inoperante nunha somnolencia protocolaria e formalista, que non se avén cos tempos; o fomento enceguedo de compadrees e “capeliñas” internas e herméticas que enrarecen a convivencia, apoucan a dimensión da Academia e esterilizan a obra común; e, por cabo, a caída nun activismo instrumentalizado e servil, cedendo aos múltiples manexos –unha cara con moitas caretas– de presións políticas partidistas, con perda do sentido de Galicia, da súa Cultura e dos seus valores máis puros, suplantados por sucedáneos intereseiros e efimeros nos que abonda esta época.

Co esta mira interior fun cumprindo, o mellor que eu soupen, coas angueiras e obrigas que me aparelaba a condición de Académico, carregándome con outras pola mesma razón, e agardaba ao mes de Xullo pra me por á tarefa de artellar o borrador do anteproxecto de Estatutos, aproveitando tódalas notas, apuntes de reglamentación comparada e observacións que fun facendo ate agora.

Deste meu propósito, ou teima, venme despertar, endemal, cáseque súpetamente e xa sin remedio, o resultado da votación de onte. Poisque é o certo que, dados os méritos tan especificamente diversos que se contraponían nos candidatos contrincantes, a votación equivalía, excepcionalmente, a unha pedra de contraste discriminatoria da disposición maioritaria, ou non, da Academia encol da transformación pra ela intentada, ou ensoñada, por mín e por outros Académicos.

Estaba, dunha banda, o arquitecto Fernández Albalat²⁹, cuia significación como un profesional competente e como arquitecto de moda, non pretendo discutir, inda que eu, como cada fillo de veciño, poida discrepar e discrepo fondamente, de ver acertos xeráis nas súas edificacións, restauracións e reformas de interiores. Mais, dando por bo que fora tecnicamente o mellor arquitecto do mundo, como é, sen ningunha dúbida, un cabaleiro amical, simpático e con moitas relacións, o certo é que non se lle coñece – empecemos por esto– publicacións de temática galega de ningún porte.

Cómpreme recalcalo abrindo párrafo aparte, pois que a caixa estoupante de bibliografía que caíu con estrépito enriba da mesa de Xuntas denantes da votación, podería facer imaxinar o contrario a calquera outro, mais non a mín, que a cacheara antes detidamente. Un artigo de 16 páxinas na “Revista de Derecho Administrativo y Fiscal”, o discurso de ingreso no Instituto Cornide en 1968, e dúas páxinas + dúas

²⁹ Andrés Fernández-Albalat Lois.

medias páxinas en galego dun “Limiar”, era todo o que alí había de orixinal e propio, en relación coa arquitectura en Galicia, do Sr. Fernández Albalat. ¿E logo o resto? Vento e fume ou, por mellor decir, lastre e peso morto de corpudas revistas enteiras nas que ía inxerida algunha entrevista, ou algún solto publicístico alleo, ou algunha alusión ao arquitecto Sr. Fernández Albalat.— Acompaño unha relación íntegra do contido da caixa que permite verificalo.

“Un grande artista ou arquitecto –diráse– máis que nos escritos maniféstase nas obras”.– Éche unha verdade coma un templo, mais tamén o é que na técnica ou na arte das obras do Sr. Fernández Albalat tampouco se dexerga un tal carácter renovador, realzador ou xenialmente impulsor da arquitectura galega propia que, no sentir da xente entendida, faga congruente co aqueles méritos unha praza de Número na Real Academia Galega. Un crítico, no nº 96 de “Hogar y Arquitectura”, revista metida na famosa caixa por obxectividade ou por facer bulto, dalle ao novo Académico unha de cal e outra de area, mais as de area son deste calibre: “figura del grande arquitecto ‘a lo Madrid’” que cultiva as “cualidades más superficiales de la profesión”... Inda que non compartísemos unha censura tan salferinte e agre, é craro que a orientación ou gravitación galega da arquitectura do Sr. Fernández Albalat, arrédase centos de légoas das dun Gómez Román, un Durán-Loriga Salgado, un Xenaro Lafuente, un Tano Fernández Cochón, etc etc, e ningún destes bos arquitectos galegos foi Numerario da Galega, fora do mestre Gómez Román, que, á raíz profunda e historicamente galega da súa concepción creadora, axunguía méritos cívicos galegos ben sabidos, que comentéi na semblanza do meu discurso de ingreso...

É pra mín grimoso e antipático, aínda neste trance, ter que facer estas precisións e recortes no volume de méritos publicísticos ou artísticos do Sr. Fernández Albalat, contra de quen non abrigo a máis pequena teima nin xenreira persoal. Pro, é que figuraba, doutra banda, un candidato que é Correspondente de dúas Academias Nacionais, a Real da Historia e a de Belas Artes de San Fernando (véxase o art. 6º dos Estatutos da Galega); que é Correspondente da Galega dende hai máis de dez anos (bóteselle unha ollada ao art. 25, abertamente conculcado, pois que non había eiquí “igualdad de caso”, en desfavor do Sr. Fernández Albalat); que, aínda mozo, é mestre eminente de Antropoloxía e Anatomía; que, formado co Instituto Arqueolóxico Alemán, é excavador e museólogo competentísimo e que, porriba desto, acumula montes e moreas de publicacións, conferencias, artigos, participacións en congresos etc, centrados moitos deles en asuntos de Galicia, traballos que non estaban choídos nunha

caixa máxica, senón que estaban ou estiveron sempre a disposición dos señores Académicos³⁰.

¿Hai, obxectivamente, comparanza? Pra mín, non, dito sexa cos debidos respetos á competencia profesional do Sr. Fernández Albalat, que tiña axeitado recoñecemento na pertenza ao Instituto Cornide ou cunha cadeira da Academia de Belas Artes da Cruña, ou con calquera outra distinción de orde profesional.

Diráseme que, informado un, ou non, dos feitos que o deberan xustificar, cadaquén é libre de proceder co seu voto como lle pete. É unha proposición, evidente por si mesma, que confirma a vida. Mais tamén o é que, si esta é a lei férrea dos votos e da maioría e das razóns poderosas da amizade, ningunha lei existe que me poida obrigar a mín a invertir o pouco tempo de que dispoño en arranxar o anteproxecto duns novos Estatutos da Academia que, polo que boto de ver agora, tería de ser rechazado maioritariamente polo conxunto sobido de Académicos que abrigan pareceres tan contrapostos dos meus no punto crítico da elección de novos Membros Numerarios da Corporación. Pois unha opción maioritaria tan definida, nunha confrontación electoral como a vivida, revela crariñamente que a miña imaxe da Academia ideal non coincide nin migalla coa Academia real preferida polos máis dos señores Académicos.

Eis polo que che comunico, coa miña renuncia á ponencia ou presenza na Comisión de Estatutos, a da propia condición de Académico. Tí verás, pois que és de sobra intelixente pra velo, cál dos tres perigos arriba descritos fai escorar lastimosamente a nave académica que, si nono atallades ou rectificades axiña, a virará de cabeza pra o fondo. Eu teño a miña opinión. Pro, do que non son gostante é de ocupar praza ou cargo nos que non me sería doado facer nada socialmente útil, tendo, pola contra, que agoantar críticas, quizáis merecidas, que nos farían a todos. E como esta viría a ser a miña situación de eiquí en diante na Academia, bótome de fora e déixovos seguir o voso rumbo. O que non se pode pretender, pra que vaíamos todos de avante, é que os uns boguemos e os outros ciemos.

Rógoche que participes á Corporación a miña decisión e o contido íntegro desta carta, de sorte que poidades decrarar a vacante na sesión ordinaria vindeira e dispor incontinente doutra praza de Numerario que se proviste, en xente adicta e segura, ao voso mellor gosto e poder de votos, como ten que ser, que, cal é a vosa política, hanvos

³⁰ Estase a referir ó candidato apadriñado por Millán do que non se di nome, pero Xosé Carro Otero, profesor da Facultade de Medicina, arqueólogo e antropólogo.

faltar menos de cada intre. E non terá ninguén por qué asistir a xogos de prestímanos ou de caixas resoantes e valdeiras nas sesións da Academia.

Deséxoche, por amor a Galicia, boa sorte e –¿cómo non cho vou decir, si son sincero?– que eu estea equivocado no que penso, ou que tí vaías acertado no que fas.

Teu, atentamente, paisano e ex-colega,

Isidoro Millán González-Pardo

CONTIDO DA CAIXA DE BIBLIOGRAFÍA

TRABALLOS DO SR. ALBALAT

- 1) *Aspectos del Urbanismo en Galicia*, artigo publicado na *Revista de Derecho Administrativo y Fiscal*, núms. 28-29, pp. 35-51.
- 2) *La ciudad de las rías. Discurso leído en el Instituto Cornide al ser recibido como miembro de número de este Instituto el 23.Noviembre.1968.*
- 3) Palabras en galego nas páxs. 20-21 do folleto sobre *La casa de Rosalía*, publicado co motivo da inauguración desta.
- 4) *Limiar*, ou presentación en galego do folleto *R. González Villar e a súa época*, publicado polo Colexio de Arquitectos. Son dúas columnas ocupando senllas medias páxinas, coa versión castelán na outra metade.

ENCOL DO SR. FZ. ALBALAT

- 5) *Cuadernos del Laboratorio de Formas de Galicia. 1.* (Contén no seu interior o resume dunha conferencia en parte das páxs. 98-99).
- 6) *Obras en La Coruña.* (É unha publicaición con moitas fotos e textos que as esprican, na que se comentan algunhas obras do Sr. Fernández Albalat).
- 7) *Arquitectura (Organo del Colegio Oficial de Arquitectos de Madrid)*, nº 126, Junio, 1969. (Atópase dentro un resume dunha reunión de crítica de arquitectura sobre da “Ciudad de las rías”).
- 8) *Hogar y Arquitectura*, nº 196. (Leva no interior un artigo no que se critica ao Sr. Fernández Albalat como arquitecto).
- 9) *Chan* nº 18, 1969. (Contén unha entrevista de Gonzalo Fernández co Sr. Albalat encol da “Ciudad de las rías”).
- 10) *Chan* nº 19, 1969. (Leva inxerido un solto gabancioso do periódico encol da “Ciudad de las rías”).

XXIII

INSTITUTO PADRE SARMIENTO
DE ESTUDIOS GALLEGOS
DEL
CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

29.II.1980

Querido Xosé María:

Fóiseme o santo ao ceo, e antes se che iría a tí, no aquél dos folletos das aras de Donón. Póñoche estas liñas pra que se non che esqueza o bo propósito de arrecadarme unha dúcea ou cousa así, pra cumprir cos nosos compromisos. Hai poucos días tiven que lle enviar un a Julio Maugas (cat^o de Antiga en Oviedo) que me escribiu pedíndome un e propoñíase dirixirse ao Museo pra “facerse” con outro.

Xa mos traerás cando veñades por Santiago. E pluralizo, pois que ben sabes que tanto China como eu teremos verdadeira ledicia en estar tamén con Marisa, e que nos avisedes de antemán, pra xantar connosco nesa ocasión do primeiro viaxe.

Unha aperta cariñosa do voso amigo,

Isidoro

PS. Un dos “bibliopiratismos” comprobados na biblioteca de Sarmiento foi o da *Hª de Galicia* de Martínez de Padín. Recéome que vai ser unha reposición pouco doada; mais como tí sabes de todo, en libros e moitas máis cousas, ao mellor dasme unha pista pra lograr o meu difícil intento. Si falla, procurarei xerocopialo, dispóndoo en corpo de libro.

Av. Coruña, 6. 3º D
Santiago

XXIV

JOSE M.ª ALVAREZ BLAZQUEZ

Gran Vía, 200-5.º Dcha.

VIGO

12.II.81

Sr. Don Isidoro Millán G.-Pardo

Santiago

Querido Isidoro:

Recibín hai días o teu fermosísimo “Pregón” das festas do Apóstolo do ano pasado. Unha peza literaria requintada e sentida, verdadeiramente antolóxica. Felicítote de corazón e felicítome por tela.

Efectivamente, non nos vemos, non parolamos, non gozamos dun deses auténticos leceres –os poucos que quedan xa– de departir á mesa unhas horas cun amigo. Esta vida está medio desfeita i ás veces cheira a cadavre. Por eso ún métese na casa e fuxe de todo. Pero non debe ser, non pode ser. Mórrensenos os amigos –Lucho³¹ hai pouco, agora Alfredo³²– e imos quedando cada vez máis arrumbados. Razón de máis pra que os que aínda andamos a pé tratemos de vernos e xuntarnos.

Non deixes de avisarme si ves a Vigo; eu faréi o mesmo cando vaia a Santiago. ¿En qué traballas agora? Eu teño as miñas cousas algo paradas; voulles dar corda.- Lembranzas de Maísa e miñas a China, cunha forte aperta pra ti de Xosé M^a

XXV

JOSE M.^a ALVAREZ BLAZQUEZ

Gran Vía, 200-5.º Dcha.

Teléfono 23 37 56

VIGO

[cabeceira]

21.VI.81

Sr. Don Isidoro Millán G.-Pardo

Santiago

Querido Isidoro:

O documento vigués de que onte che falei³³ –apeo³⁴ entre Canadelo e Vigo– está nas páxs. 210-11 da obra de Ferro Couselo “Los petroglifos de término...”. É ahí onde aparece ese Vidixi, de un, suposto por min, *Vidixum, e do que quería saber si é posibel que derive o topónimo O Viso, que anda por aqueles lugares do hoxe chamado Canadelo Alto.

³¹ Fai referencia a Luís Bouza-Brey, avogado vilagarcían.

³² Alfredo García Alén, secretario que foi do Museo de Pontevedra.

³³ É unha das cartas que faltan.

³⁴ Como substantivo derivativo do verbo apear, apeadeiro, semella máis propio.

No tocante ao tal Candelo eu supóño relacionado con canada, (cast. cañada) pois por alí baixaban varios regatos, antre eles o “arrugio” do documento. Este era o Río de Barreiro ou Meira, que viña desangar polo que hoxe se chama Canadelo Baixo, no Arcol das monxas. Agradecereiche unha notiña cando estés de lecer.

Unha forte aperta

Xosé M^a

XXVI

[resposta á anterior]

Santiago de Compostela

23.VI.81

Sr. D. Xosé María Álvarez Blázquez

Cronista da Cidade

VIGO

Querido Xosé María:

Teño diante de min o documento publicado por Xesús Ferro e máila tua carta. O que me falta neste momento é un bo plano ou mapa (a folla 1/50.000) pra mellor asegurarse do “situs” de Canadelo e da topografía e toponimia circundantes. Estes criterios, a máis do teu coñecemento dos lugares, son os decisivos.

Pois si O Viso, tal como ti dis, está hoxe no Canadelo Alto e na orientación da linde antiga de demarcación con Santa María de Vigo, non encontro dificultade algunha en que se esconda o seu nome tras do Vidixi do documento. A forma, en sí e de por sí, é ben rara e nada doada de expricar como onomástico ou apelativo. Pódese estimar, polo tanto, como unha posible deformación do topónimo de que imos tratando, mais non porque a forma do diploma e do topónimo actual procedan de *Vidixum, senón pola propensión dos escribas a latinizar erróneamente algunhas voces romances, facéndoas derivar de bases que nunca así existiron.

Como lles constaba que o -d- antigo latino medial se perdera en voces galegas (compara neste documento: derunt < de<d>erunt; fiadores < fi<d>atores; vay < va<d>it; Vermuiz < Veremu<d>ici; Toeriquiz < Teu<d>orikici etc etc), de cando en cando se lles ocurría inxerir un -d- onde nunca o houbera, cometendo unha falsa restauración. Velaí polo que puido formarse un Vidixi de *Visi ou *Visu / *Viso.

Cantimáis que lle semellaría ao tabelión ou monxe que escribía o texto que o -d- estaba respaldado polo -d-, realmente presente, noutras formas latinas de idéntica raíz: videre > veer > ver.

Tocante ao étimo de Canadelo, comprobo que as grafías da copia publicada por Ferro vacilan antre Canadelo (2 veces) e Canedelo (3 veces). Lévame esto a pensar que o topónimo procede inmediatamente de *cannetellum, antiga sufixación de diminutivo, así como esta voz de cannētum “sitio ou prantación de canas” (compara Canedo / Canido etc). Na freguesía de Chenlo, no Porriño, hai outro lugar e un monte de Canadelo, mais non maxino que se trate de limítrofe con Vigo, testemuñado neste diploma do século XI.

Quizais persista algún dos topónimos citados na demarcación de marras, e esto pode alumear máis o problema da identificación (Devesada ou Devesa ou Vesada, Pozo Negro, Feás etc).

E máis nada, neste intre, fora dunha forte aperta, e as lembranzas máis garimosas dámbolos dous pra Marisa,

XXVII

[resposta á anterior]

JOSE M.^a ALVAREZ BLAZQUEZ

Gran Vía, 200-5.º Dcha.

Teléfono 23 37 56

VIGO

[cabeceira]

14.VII. 81

Querido Isidoro:

A túa carta do 25 chegóume en vísperas dunha pequena escapatoria polo N. de Portugal, sin tempo pra máis que facer os petates. Agora non sei si a miña resposta che pillará en Santiago, en Singapur ou en Alaska, pois xa se sabe que chegado este tempo China e máis ti fuxides coma lóstregos mundo adiante, e facedes moi ben.

E, falando de lóstregos, a túa carta apórtame tamén un par de lostregazos no tocante aos topónimos Vidixi e Canadelo-Canedelo do famoso doc. vigués. Non podía ser por menos, vindo de quen veu. Penso que estás no certo en ambos casos. Faréi uso, citándote, ao teu parecer.

Que pasedes un vran feliz, estedes onde estedes. Nós pouco nos moveremos de Coruxo, onde aínda hai unha relativa paz. Apertas fortes

Xosé M^a

XXVIII

JOSE M.^a ALVAREZ BLAZQUEZ

Gran Vía, 200-5.º Dcha.

Teléfono 23 37 56

VIGO

[cabeceira]

17.XI.81

Querido Isidoro:

¡Vállame Dios e a Virxe Santísima! ¿Vivimos nas antípodas? ¿Somos por ventura, tí venusino i eu marciano? Digo todo isto porque, polas miñas contas, hai medio século que nin nos vemos nin nos falamos. E sábete, caro amigo, que falar contigo –sobre todo escoitarte– é unha das cousas que máis me gorenta neste mundo desfeito. Temos de procurar que non se demore a ocasión. E non se demorará, Deo volente, porque neste inverno hei de dar de man o tomo dos famosos panfletos. E, naturalmente, hai que falar de D. Manuel Acuña y Malvar.

Bueno. O motivo de hoxe é distinto. Como sabes, traballo hai tempo nunha historia do periodismo vigués. Soupen que no P. Sarmiento hai unha carpeta coa col. da revista “Cristal”, que fixemos en Pontevedra unha trinca de rapaces alá polo ano 32. Nesa mesma carpeta gárdanse dous ou tres números da revista “Gaceta de Galicia”, editada en Vigo por aquel mesmo tempo. ¿Poderías ti localizala e indicar no Instituto que me remesasen xerocopia, sendo posíbel, deses números, contra reembolso do seu coste? Eu podería ir a Santiago, pero resulta que nos quedamos soliños M^a Luisa i eu. Os dous fillos solteiros, que poderían facer compañía a M^a Luisa na miña ausencia, están fóra. Celso facendo ahí o ICE, e Berta en Barcelona, na Escola de Bellas Artes. Non podo deixar sola á miña muller, máis xordiña e máis mimosa que nunca. Celso, licenciado en Hispánicas, váisenos no mes de xaneiro pra Buffalo, cun modesto contrato como “master” e de camiño co propósito de facer alí dous cursos de ampliación máis o

doutorado. Total, uns tres anos lonxe, si non se nos queda por alá. Berta, pola súa parte, cinco anos en Barcelona. En fin...

Cóntame cousas túas. Dime cómo vai ese libro prometido sobre o prerromán en Galicia, ¿Publicache algún novo traballo? ¿Esquencíchete das aras de D...? ¿Qué novas descubertas tes feito? Unha carta túa é sempre un regalo pra mín. Sabes que non é un afalago.

Garimosas lembranzas de M^a Luisa pra vól-os dous, que fago miñas.

Unha forte aperta

Xosé M^a

XXIX

[Carta-tarxeta de Isidoro Millán González-Pardo. Setembro de 1983]

Unha aperta forte e amical, con toda a alma, benqueridos Xosé María e María Luísa, e o agradecemento sincero e fondo de todos nós!

Como penso que xa lle espriquei a Emilio, o día 13 marchamos China e máis eu a Italia, onde estaba comprometido a participar no *Convegno* internacional de estudos compostelanos e literatura xacobeá de Perugia, e a ausencia, que se prolongou astra o 28, trouxo consigo a tardanza en contestar ás máis das condolencias³⁵ que me foran endereitadas.

E o certo é que, contigo, non me abonda unha carta moito menos unha tarxeta, pra recoller tódalas cousas que vos quixera contar e escoitar de vós.

Fago, pois, o propósito de que, en zafándonos de moitos agobios destes días non deixaremos de aproveitar a primeira estancia en Vigo pra vos ver e falar sen cancelas, as parrafadas que nos veñan en gana.

XXX

JOSE M.^a ALVAREZ BLAZQUEZ

Cronista Oficial de Vigo

—

Director del Departamento de Historia
del Museo Municipal

[cabeceira]

Gran Vía, 200-5.º Dcha.

Teléfono 23 37 56

VIGO, 4.VI. 84

³⁵ Polo falecemento de don Encarnación González Pardo, nai de Isidoro.

Querido Isidoro:

Escrebo por primeira vez con man dereita dende hai dez meses. Aínda teño grandes dificultades, pero xa é algo.

O teu estudo sobor de “El mosaico³⁶...” deixoume pasmado. Nunca vin tanta e tan varia erudición nin tan razonabel e razonada argumentación. Realmente, traballache a fondo o asunto, sin rexeitar o enfrentamento valente con problemas de todo tipo. É unha lección maxistral de cómo se debe investigar, cousa que nada me sorprende tratándose de ti. Quéroche dar a máis entusiasta noraboa, aparte das gracias por tan estupendo galano.

Pasando a outro asunto, dígoche que non me podo quedar, porque me interesa moitísimo, sin coñecer o teu traballo sobor do romance de Gaiferos de Mormaltán, que presentache no Congreso Jacobeo de Perugia. Non sei si se publicaron as actas³⁷ e, polo tanto, si disporás de separatas. Pero, en todo caso, ¿poderías mandarme fotocopia dos folios orixinais? Permíteme que abuse da túa xenerosidade, pero non teño outro camiño nin amigo tan amigo pra satisfacer o meu desexo.

A man dóeme, a letra saime torta. Non podo escribir máis por hoxe. Pouco a pouco poderei facelo millor. Isto xa é un pequeno trunfo. Apertas, querido Isidoro, con bicos de M^a Luisa e meus para China, a quen moito lembramos ambos. O vello amigo

Xosé M^a

XXXI

[resposta á anterior]

Santiago de Compostela

6.VI. 1984

Sr. D. Xosé María Álvarez Blázquez

³⁶ En *Compostellanum*. “El mosaico del pavimento superior del edículo de Santiago y su motivo floral”, nº XXXVIII, ano 1983, pp. 73-371.

³⁷ Non temos noticia de que foran publicadas ata hoxe. O traballo que presentou Millán en Perugia, foi publicado moito despois en *Don Gaiferos de Mormaltán, X duque de Aquitania*. Follas Novas. Santiago, 2009.

VIGO

Querido Xosé María:

Gracias dobres, e grandes, pola túa carta, que ven manuscrita da túa man de amigo, e que expresa moitas cousas xenerosas. O da man estou tamén seguro que irá mellorando a modioño e que outra vez se tornará instrumento dócil, e ben guiado, pra lle dar solta a tantas cousas como pensa e sabe a túa cabeza e che quentan o corazón. ¡Animo, pois, mais non a esforces antes do debido tempo! Somos demasiado escravos de hábitos somáticos collidos de cando nenos (¡no tempo da electrónica e dos dictáfonos!) e, pra non ficar varados na época das prumas de ave, deberan someternos a todos a unha reciclaxe das que agora se estilan en novas formas de grafiar textos, soprando nun canuto, batendo co queixo nunha taboa, trengoleando cos pes etc etc. (Esto vai en chiste, e non de veras, xustamente por celebrar o comenzo da túa melloría).

As Actas de Perugia ainda non pasaron ó prelo, e somos uns cantos, máis que nada españoles (como de acotío), os causantes do retraso. Eu, un deles. Nos meses primeiros deste ano, tiven que lle dar cabo, e apañar as ilustracións, e velar día a día pola impresión, do artigo encol do mosaico xacobeo. Logo, estiven metido na tarefa de axudar a Pepe Carro na organización do Coloquio Galaico-Minhoto, do mes de abril. Cando rematou este, manifestouseme unha hernia, da que fun operado “incontinente” e que me tivo por un mes fora de combate... Total, que estes atrancos, que hoxe ou mañán alegarei cos de Perugia, son motivo de que, nestes mesmos días, estea reelaborando o texto alí lido, e redactándoo de primeiras na parte da que samente levei notas ou extractos, que engadin oralmente...

O traballo do Don Gaiferos absórbeme agora moito tempo porque require compulsa de datos, lectura de moita bibliografía, análise de “loci paralleli” etc. en canto que lle poña o ramo a esta redacción e no mesmo intre de enviar o orixinal a Perugia, remesareiche unha copia. A De La Coste, o francés xacobeísta, prometinlle tamén outra en Perugia, que coido que irá ó tempo da túa.

Precisando máis: arredor do 25, a máis tardar, terás nas túas mans o texto, tal como estea daquela.

Agrádame moito que merecera o teu “placet” a miña Aportación I ós problemas da tradición apostólica. Teño hoxe moitos e novos datos corroborantes, das posicións que alí adopto. Pido a Deus e ó Apóstolo que me axuden pra ir enfiando, pouco a pouco, con total obxectividade, as noticias e razóns que teño acadadas e

meditadas. E calquera observación ou obxección a calesquera dos aspectos que toco nese artigo, agradecereicha tamén moito, pois que penso precisar ou puntualizar e tomar conta de toda crítica fundada ou enriquecedora.

Unha aperta de ámbolos dous para María Luisa e máis para tí, e ten a seguridade que non me esquece o de Don Gaiferos. Non me alargo máis neste folio, porque ando atrapallado coas avaliacións e demais andrómenas do final do curso. Unha aperta, de novo, de

Isidoro

Exergo

Rosario Álvarez Blanco

José Ramón Franco. Retallos de conversas en galego, Pontevedra 1849

As primeiras décadas do século XIX móstransenos, cada vez máis, como unha época esencial no despertar do pensamento galeguista e do uso consciente do galego na escrita. Grazas ao intenso traballo de atenta pescuda en arquivos e bibliotecas, da man de distintos investigadores, desde mediados do século XX este período da nosa historia lingüística e cultural vén poboándose de nomes de autores e de textos de diversa índole, moitos deles anónimos; entre os investigadores que máis contribuíron ao avance e difusión deste coñecemento cómpre citar, en lugar destacado, a Xosé María Álvarez Blázquez e a Ricardo Carballo Calero.

Nos últimos anos, mercé a un proxecto do Consello da Cultura Galega, nado co obxectivo inicial de estudar a traxectoria do galego na prensa de inicios do século XIX, procedeuse a compilar e editar conxuntamente os textos coñecidos ata o momento, engadindo aos levantados polo encomiable labor dos predecesores unha boa presada resultado da pesquisa de todos os membros dun equipo interdisciplinar, integrado por historiadores, filólogos e estudosos da comunicación. O resultado foi o volume *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846* (Aneiros 2008), onde se pode atopar unha edición rigorosa de todos eles, en orde cronolóxica, precedidos de cadansúa nota erudita, con datos de edición, autoría, contexto histórico, etc.; está no prelo un volume complementario (Mariño 2011), que, ademais de conter estudos sobre ese universo, dá a coñecer outra presada de novos testemuños, saídos á luz a raíz da divulgación do devandito volume.

Moitos máis poden ser os tesouros que seguen agochados en arquivos, públicos e particulares, ou en bibliotecas de distintos lugares do mundo, agardando a man que saiba levantalos. Coma estes fragmentos que presentamos, procedentes dun texto publicado (Pontevedra 1849), que tivo a mala fortuna de que poucas persoas considerasen de interese gardalo, coleccionalo, inventarialo, catalogalo..., de modo que o exemplar que o azar trouxo ata nós probablemente sexa único; de feito, nin nas historias da literatura galega nin nos distintos repertorios e catálogos ao noso dispor figura ningunha noticia de tal publicación, nin sequera como perdida. Xosé María Álvarez Blázquez sostivo nas mans esta peza, propiedade do Museo de Pontevedra; tivo ocasión de analizala con vagar e fixo a primeira descrición, con identificación e noticia biográfica do seu autor e mais edición dos tres fragmentos, pero, de novo, a mala fortuna xogou en contra da difusión dos textos desvelados, pois por diversas continxencias ese traballo quedaría inédito e fóra do coñecemento dos estudosos ata hoxe. Os interesantes resultados da súa pescuda ofrécense por primeira vez neste

mesmo volume, que reproduce o anexo enviado en carta dirixida a Isidoro Millán o 12-IV-68.

1. A obra e o autor

Rescatouse do esquecemento o primeiro fascículo dunha “novela” por entregas escrita en castelán, cun título e unha relación de créditos autorais que xa abundan para se ir facendo unha idea da prolixidade e estilo procuradamente campanudo e esaxerado de toda a obra:

AAAAAAA! | EL CARNAVAL | o | EL SIMPAR ROMANTICO | SIGLO XIX. | NOVELA ORIGINARIA DEL MODERNISIMO ORDEN ECUESTRE. | POR UN NEOFITO ESCRITOR; | EMPERO PERTENECIENTE A LA HEROICA PROGENIE DE LOS *campeones* FRANCO-GALOS, y al *nobilísimo linage* PISCATORIO donde el SALVADOR *buscó y halló sus apóstoles* : Miembro de la SOCIEDAD ESPAÑOLA, de la EUROPEA, de la UNIVERSAL y de la CATOLICA : Caballero de la MAGNA CRUZ DEL CALVARIO : *dos veces declarado* CIUDADANO (*nació despues del destierro de la NIÑA BONITA, ó Constitucion de 1812, en 1814*) : Individuo de la Academia de sublimes artes y ciencias de la NATURALEZA, etc.

Antes do pé (pontevedra: | imprenta de don francisco agustin ruiz | 1849), aínda inclúe esta cita:

Et dixit, A, a , a, Domine Deus: ecce nescio loqui, quia puer sum. (Jeremías cap. 1, vers. 6.)

Segundo a nota a rodapé da primeira páxina, no reclamo “se ofrecieron tres pliegos ó 12 páginas en la primer entrega, y van 16 en cinco pliegos”. En efecto, o fascículo conservado consta de portada, tres páxinas de contido introdutorio, sen numeración, e 12 páxinas numeradas; na primeira destas, no canto do número, figura un debuxo e o inicio do título, “Aaaaaaa!”. Un total de 16 páxinas escritas, máis aló do prometido. Ao remate da páxina numerada como 12, aproveitada ata o derradeiro espazo da fin da caixa, vén a despedida: “(Aquí ambos quedamos.....)”.

Na mesma nota promete unha segunda entrega —“con tal que haya el número de *suscriptores* que se apetece para cubrir los gastos”—, que constará de catro a cinco pregos. Augura tamén melloras de deseño sobre o presente: a letra de tamaño máis grande, coma a empregada agora na biografía, e a disposición en dúas columnas. Certamente, o fascículo actual é de lectura traballosa: está case todo el nunha soa columna nunha caixa de 17,6 x 25,5 cm, dous terzos teñen letra en corpo pequeno, sexa no texto sexa nas amplas notas, e o interliñado é mínimo; para aforrar custos, apenas ten espazos en branco nin marxes. Nada se sabe da segunda e seguinte entregas, nin sequera se chegaron a producirse.

Non é o noso propósito facermos un resumo desta obra confusa e labiríntica (*verengenal, liorna, laberinto, Babilonia...*, en palabras do propio autor), tarefa traballosa que nos afastaría en demasía do obxectivo actual, mais non por iso deixaremos de ofrecer unha descrición brevísima da estrutura nos aspectos máis visibles:

- ✓ Portada, co título da obra e créditos do autor, que deixa o nome oculto tras a carauta, pero dá pistas para ser recoñecido.

- ✓ *El autor dándose a conocer. (El juicio y la paz con todos sea. Amen.).* Ocupa a maior parte da páxina I (numeración nosa). Dá ou reitera datos para poder ser identificado.
- ✓ *Silencio... oid... escuchad.* Resto da páx. I. Captación de atención, declaración de intención.
- ✓ *Biografía de la novela.* Páxinas II-III. Antecedentes, comezando por unha proliza “Sequentia revoluti mundani”, que arrinca na data da “inauguración del homicidio” por Caín, ata chegar ao ano 1849. Sucesos que motivan a decisión de escribir a crónica, como forma de protesta pola falta de hospedaxe á “Minerva carnalesca” e as restricións impostas á celebración. Xustificación do formato caótico e transgresor, propio do entroido. Novas pistas identificadoras do autor.
- ✓ *Aaaaaaa!* Comeza a suposta novela, que ocupa as páxinas 1-12, numeradas. As letras dese fragmento do título parecen saír da boca dun home maior, fardado nun estilo algo anticuado para a época (con casaca, chaleco, calzón, medias, zapatos con fibela...), nunha man un caxato e na outra un rolo, tocado co gorro frixio símbolo do republicanismo. A obra comeza cun “Cuento al caso, O advertencia, O proemio, O referencia.”, que ocupa a práctica totalidade da primeira páxina. Segue a “Linterna fárica. O sea: Luz clara y amortiguada, ó de carnaval y cuaresma, ó de siglos modernos y medios, ó cristiana y pagana, ó de deslumbramiento y tinieblas, ó de «mas» y «pero.»”, que á súa vez inclúe “Galería fantasmagórica” (p. 2), “Cuadros” (pp. 3-4), “¡Alto, señores, alto!” (pp. 4-5) e “Casa de juego de banca, solo y tresillo” (pp. 5-12).

Canto ao autor, pouco podemos engadir aos datos principais desvelados por Álvarez Blázquez en 1968, pois a nosa fugaz pescuda só deu achegado algúns datos complementarios sobre o contexto familiar e intelectual. Un “Sr. D. José Ramon Franco, del comercio de Pontevedra”, que supoñemos seu pai, figura como subscritor do vol. VI da *Historia General de España* do P. Juan de Mariana, editada José Sabau y Blanco (1818). A liñaxe dos Franco ten ben testemuñada a súa presenza en Pontevedra tamén grazas a outro ilustre membro desta familia, Francisco Javier Brabo Franco (Pontevedra 1825-Buenos Aires 1913), sobriño do noso autor, personalidade destacada nos ámbitos militar, político, empresarial e cultural en Arxentina e países limítrofes (Ibarguren 1983). Da xenealoxía de Francisco Brabo extraemos a información que máis nos interesa por proximidade na liña familiar: o casal formado José Ramón Franco Fernández e Francisca Méndez Fernández teñen unha filla, M^a Josefa Franco Méndez, que casa en 1821 con Francisco Bravo, tamén pontevedrés, e é nai de Francisco Brabo, que emigra moi novo a Montevideo. Supuxemos que o noso José Ramón Franco sería irmán de M^a Josefa e que, por tanto, o seu segundo apelido era Méndez, e así nolo confirmou unha anotación de José Casal Lois, que na súa serie de apuntes biográficos deixou esta pequena nota manuscrita: “Pontevedra Abogado / José Ramón Franco Méndez, hijo de José Ramón y Josefa murió soltero” (AMPontevedra, Casal 43-1); advértase, con todo, a disparidade no nome materno en ambas as fontes.

Familia de comerciantes con estudos, cultivados e con inquietudes culturais. O noso autor, avogado, reclámase xa desde a portada membro de academias e círculos ilustrados e exhibe na súa deleiva, ata o sarcasmo, o dominio de fontes e estilos

eruditos. Tamén o seu sobriño en primeiro grao deixa un cadro semellante na súa autobiografía (*apud* Ibarguren 1983):

Hijo de un recordado negociante de Pontevedra — nos dice —, diome éste, en su clase, tan buena educación como pudiera recibir el vastago de la más noble y rica familia en la suya, haciéndome cursar, después de la Instrucción primaria, Gramática latina, Matemáticas, Música y Dibujo. Concluidos estos estudios, disponíase a enviarme a la Universidad de Santiago, para que allí siguiese la carrera de las letras, cuando sobrevino la desgraciada muerte de mi pobre madre, y con ella grandes trastornos en nuestra casa. Necesario fue cambiar el rumbo de mi vida, y como tenía un primo y un hermano en América, pedí a mi padre que me enviase a aquella parte del mundo. Un buen equipo, mi caja y efectos de pintura, mi violín y un crédito de 200 duros, fue cuanto, además del pasaje pagado, pudo mi padre facilitarme.

Outros datos abundan na liñaxe “piscatoria”, pois o pai de Benito Soto era Francisco Soto Franco (Pontevedra 1759-1818), tamén dos Franco da Moureira.

Foi estudante de leis e canons na Universidade de Santiago de Compostela. Segundo consta no expediente académico (1828-1843), conservado no Arquivo Histórico Universitario (expedientes persoais, caixa 4762, exp. 27), comezou estudando Leis e, como resultado dun cambio no plan de estudos, rematou a carreira como licenciado en Xurisprudencia.

No seu comentario, Álvarez Blázquez dá noticia da colaboración de José Ramón Franco en *Las Musas del Lérez. Periódico semanal de literatura, ciencias y artes* (Pontevedra 1842), fundado por Juan Cuveiro Piñol, considerado a primeira publicación periódica de carácter literario da vila; nese contexto, establecería tamén contactos con Antolín Esperón e Manuel Ángel Corzo (redactores) e mais con Ramón Pereiro Rey, José María Posada, Marcial Valladares e Leandro Martínez Padín, colaboradores coma el (Santos 1990: 84). Engádase que, no mesmo círculo, foi redactor do quincenario *La Distracción. Periódico de Ciencias y Literatura* (Pontevedra 1847), que se publica en parte na imprenta Hijos de Vila y Cía. e en parte na de Francisco Agustín Ruiz, coma o noso folleto; eran tamén redactores A. Esperón e Miguel Rúa, e colaboradores Martínez Padín, Posada, José Domínguez Izquierdo (o «Mingos Esquerdo» aludido por Álvarez Blázquez noutra carta das que se publican aquí), José Puente Brañas e outros (Santos 1990: 97).

Morreu novo e solteiro, en 1852. No Museo de Pontevedra, entre a colección de coroas fúnebres do fondo Casal (Casal 20-6), consérvase o impreso coas sentidas palabras pronunciadas ante o seu cadaleito polo avogado e político Sabino González Besada, de ilustre e poderosa familia pontevedresa, en nome do Colexio de Avogados:

SOBRE LA TUMBA DEL APRECIABLE JOVEN Y ABOGADO D. JOSÉ RAMON FRANCO.

Señores:

Lleno el corazon de amargura por la pérdida de un amigo y de un compañero, vengo hoy á esta triste mansion para decir el último á Dios, en nombre del Colegio de Abogados de esta Capital, al honrado, al virtuoso jóven que en el día de hayer [sic] ha dejado su cuerpo á esta tierra de miserias, para elevar hasta el cielo su alma tierna y candorosa.

D. JOSÉ RAMON FRANCO ha fallecido: su muerte va á producir un vacío en Pontevedra que no es fácil de llenar; porque mientras vivió, no ha pensado mas que en ayudar al desvalido, en consolar al triste, en remediar los males de su prógimo. Este jóven que no nos ha dejado mas que recuerdos

sublimes de su alma benéfica, ha sido siempre entre sus compañeros la representación viva del candor, de la sencillez, de la virtud del justo: en su corazón, desgraciadamente yerto hoy, no se conoció jamás doblez, ni mentira: había nacido para vivir entre ángeles, y Dios ha querido llevarlo á descansar de los pesares que le han causado, sin duda, las miserias de este mundo.

Lloremos sobre su tumba, señores; y ya que no hemos sabido apreciar, bastante, mientras vivió entre nosotros, sus virtudes; que nuestras lágrimas y nuestro dolor lleguen al cielo, y le demuestren lo que todos, indudablemente, sentimos en este último asilo de la humanidad.

Pontevedra 7 de Marzo de 1852

S.G.B.

Imp. de N. Pazos y J. Antunez.

José Ramón Franco era ata agora un autor practicamente descoñecido, ao que Couceiro Freijomil dedica tres liñas, que transmiten toda a información contida á súa vez nunha brevísimas anotación de Álvarez Limeses na *Geografía de Galicia* (1936: XII, 354), como fillo ilustre de Pontevedra: “Nació en 1814 y falleció en 1852. Fué abogado y escritor”. Pouco se sabía das súas obras e non se tiña noticia de que deixara testemuños en galego. Co texto desvelado na correspondencia entre Xosé M^a Álvarez Blázquez e Isidoro Millán engádese un nome máis á pléiade que aluma o prerrexurdimento galego.

2. Fragmentos en galego

Son tres os fragmentos en lingua galega presentes no fascículo que chegou ás nosas mans. Están todos en prosa e reproducen diálogos, o que lles engade un interese especial.

1. O primeiro (F1) prodúcese nas páxinas do preámbulo, dentro da “Biografía da novela” (p. III). O cronista vese importunado por un rebumbio e ao se asomar, para saber que pasa, ve uns rapaces arredor de dous paisanos, un enfurecido e coa cara tisonada, o outro conténdoo, para que non faga unha desgraza. Así, como por acaso, ten a ocasión de recoller a conversa que se produce na rúa baixo a súa ventá. Os que falan son *paisanos*, termo que debemos entender no significado de ‘aldeáns’; do agraviado dísenos, ademais, que é ancián e labrador. O diálogo entre ambos, como tomado do natural, incorpórase ao texto con precisión e, para maior efecto documental, rexístrase na mesma lingua e forma expresiva en que supostamente se produciu. As palabras dos dous compadres aparecen destacadas en cursiva e enmarcadas con comiñas, acentuando tanto o cambio de código coma a intención de literalidade. Extraendo estes fragmentos do texto en que se insertan e dándolles forma convencional de diálogo, este produciríase do seguinte xeito; nos outros aspectos, mantemos a grafía orixinal do texto³⁸:

—¡Compadre! sosegádebos ¡si é tempo do entruido! ¿Seique non sabedes que ó ORDEN do Carnaval é ó desorden, ó barullo, as estremonías, os rabos é lárgalos, as enfariñadas, os xiringasos, escalfaduras de ovos, comparsas verrando etc.? évos tempo de non traballar á xente divertindo unha á outra, é fasendoa tamen rabear, como acaba de susedervos.

38 Ofrecemos ao remate, en apéndice, a nosa lectura, con algunhas acomodacións gráficas que se explican no lugar correspondente.

—Ben; pero eso no manda á Igrexia, nin se fay na aldea. [*e dirixíndose aos rapaces*] ¡A vosa fortuna é ó non haber traído á miña cachiporra! xa volo diría ¡escachapedras!

—Mellor foy así, compadre; porque fariades unha esmechada; habria despois crella: é.... xa vedes..... porque os paisanos toca aguantalas é calar. Con que, vamos á votar un neto, é lavaredes á cara.

A lingua é un elemento máis na confrontación presente nese treito da novela entre dúas concepcións desa celebración esencialmente transgresora³⁹: os novos costumes e modos de diversión que parecen definir a festa da vila, asumidos pola rapazada e mocidade urbanas..., *o carnaval* / a tradición, os vellos costumes practicados na aldea, coñecidos e asumidos polos vellos, consentidos pola Igrexa..., *o entruido*. No diálogo transcrito, os dous compadres, representantes do mundo tradicional e rural, exprésanse en galego; os rapaces, que tamén funcionan como alocutario, non teñen voz, pero probablemente se expresarian en castelán, como o fan outros participantes vilegos noutras partes da novela.

2. O segundo fragmento (F2), máis extenso, aparece en nota a rodapé na “Galería fantasmagórica” (pp. 2-3). É de novo un diálogo entre tipos populares e serve de demostración e exemplificación da “gente atónita”, despois do despregue erudito e prolixo en dous parágrafos con datos precisos —en pés e polgadas, con milésimas— das alturas de grandes monumentos humanos e dos máis altos cumes montañosos do planeta, para ponderar a inmensa altura a que se elevou a “Minerva carnavalesca; y, por supuesto, constitucional como nacida en el siglo fundidor y refundidor de constituciones fundamentales: ¡nace, señores, y luego transfigúrase, perdiéndose en principio allá en el firmamento, cual la *sombra* de Layo aparecida á Edipo! Y despues vuelve á ser niño; y habla por los codos, dejando á la gente atónita”.

Coma no fragmento anterior, procura dar a impresión de que se trata dunha reprodución fiel dun diálogo real, apuntado do natural. Encérrao entre comiñas, para acentuar a fasquía de rexistro literal, e marca con cursiva os topónimos estranxeiros, algo deturpados a causa da incultura do personaxe. Non anticipa cantos personaxes interveñen, pero ao final aclárase que son tamén dous. No orixinal o texto está corrido, nun único parágrafo, mais cos parlamentos ben diferenciados tipograficamente; nós reproducímolos coa forma convencional dos diálogos:

—Vaya que chenos encheu de munimentos é montañas. ¡E fala como un libro!

—¡Ca! si todo ó que reluce fora ouro..... Non á ó digamos que digamos.

—Pero ¡tampouco digamos que digamos!

39 Os interesados na festividade e formas tradicionais do entroido atoparán nesta obra datos de interese, xunto con evidencias dun debate contemporáneo entre carnaval e entruido (v. gr., “El carnaval no es entruero, sino una estupenda y portentosa notabilidad”, “Mas, sin duda, otros tambien digeron: «Aunque la mona se vista de seda, si mona era mona se queda: y el carnaval ha de ser siempre Entruido ó Entruido; y los que se constituyan en su cohorte deben correr el Entruido»”). Valla como mostra: “...en los dias de Carnes Tolendas, romería del festivo, bromista, jovial y fraternizador Baco: banquete de almivaradas orejas de fraile, estomacales rosas, finas y engullibles filloas, ampollantes chorizos de Estremadura; dias do se regalan las comadres á los compadres, y los compadres á las comadres; dias de solaz, de alegría y holgura, como aniversario que son de las fiestas Saturnales cuando obtenian libertad los esclavos...” (p. 4).

—E que che parece ¿no estuvo por demais tanta faladuría, si ó último veunos disindo, que nada valía canto deixara dito? ¡Mais valera que, por donde acabou, comensara! é aforrariámos ó tempo que nos tuvo embobados contándonos os furcos do *Giragibi*, é dos *Apeles*, é dos *Abiños*, é de tantas cousas que nunca supemos.

—¡Qué queres Farruco! eche xente do *tempo*, que como ten pouco que traballar, ha de pasar as horas en faladuras; po lo mesmo sonche uns chorros de palabras, como acabas de ver; pero palabras que che van voando como á muiña do millo cando se limpia co a criba; pois que nonche son graos sino muiña, palla que ó vento escorrenta. ¡Non che hé aquela xente antiga, compadre! A do dia baixachese pouco os libros: faiche como algúns dos nosos visiños que non baixan ó lombo ó traballo, sembran á presa; é ¿qué lles sucede? que os páxaros cómenlle á semente, é apenas pillan colleita. ¿Quéres saber ó que son os discursos de muyta xente do día?

A capa do estudante,
Que he un xardin de flores:
Toda chea de remendos
E de diversos colores⁴⁰.

E si ó queres comprender mellor, fay lembransa de sarta igresia que ha enchen de trapallada cando se festexa serto santo: convirtenchese os altares en tendas de estampeiros; que aquilo non se sabe ó que hé. ¡Si superas ó que me pasou na última festa que hubo en esa igresia! Véncheseme á min un señor, é disime: “¡Oh ser cuatro mucho presioso este! ¿y cuánto costare?”. “Su mersé perdone”, contesteille, “esto nonlle he unha tenda, elle un templo”. “Y como estare le gente...” Xa sey ó que sua mersé quer dirir: “acostumbra en estas fnsiones á estar así... ¡Oh! en mi tera, ¡oh! serreso mucho, mucho répresible.”

¡Tes razon é sóbrache! dixen eu para min. ¡Eu non sei como ó señor xués político no evita tales charladurías; ó mesmo que esas tendas de estampas na igresia, é ese tenderete de lencos, que sacan á grasia á un templo tan bonito! é que solo conducen á causar gastos; que fora mellor emplearlos en retellar a igresia, que boa falta lle fay; é en blanquear, é poñela desente, que así ó manda Dios.

A nota remata cunha paréntese explicativa: “(Diálogo entre dos paisanos que oyeron leer el cuadro fantasmagórico, ó sea el Atlas de monumentos y montañas, que por cumplir con la moda, de echarla de erudito, se encajó en el lugar donde se le ve.)”. É, por tanto, o propio autor o que xustifica a existencia da anotación no rodapé e o encaixe nela deste texto, á procura dun puro adorno erudito, como burla do xénero. Nada di, en cambio, sobre a motivación do propio diálogo, que comeza coa crítica dos chorros de palabras baleiras que agora se estilan e que leva o vento doado, pois faltan a gravidade e o pouso do coñecemento das xentes de outrora, para pasar á crítica sobre a presenza dos mercadores no templo e o mal destino dos cartos investidos. Os dous paisanos pertencen ao estrato da “gente”, voz que nese contexto deberíamos entender como ‘vulgo, pobo non cultivado’, non como un ‘conxunto de persoas, sen restrición’; en todo caso, os representantes da “xente”, de novo “paisanos”, falan en galego.

3. O terceiro fragmento (F3) prodúcese nunha “casa de juego de banca, solo y tresillo”, á que o autor acode curioso, atraído polo barullo que montan os que alí aniñan: “Son todos los partidos políticos de nuestra patria, contéstaseme, que están jugando los naipes”. Deambula polas mesas e vai anotando os distintos diálogos, nalgúns casos tamén como participante; todos se producen en castelán, con treitos do *Fuero Juzgo*, disposicións lexislativas e outros fragmentos textuais intercalados, en cursiva. A lectura

⁴⁰ A copla é unha canción da tuna, moi difundida. En Portugal pasa por ser orixinaria de Coimbra, de onde se estendería ao resto do mundo universitario portugués, e como tal figura en distintos repertorios de coplas e folclore coimbraos. A ampla presenza no dominio hispánico, tanto na península coma na América de lingua española, fai que poñamos en dúbida a orixe antedita. En todo caso, é o primeiro testemuño en lingua galega, ben temperán.

en voz alta do Decreto de 1º de outubro de 1823, no que Fernando VII declara nulos e sen ningún valor os actos do goberno constitucional de 1820-23, suscita diversas reaccións, con algunhas voces que a interrompen; canto remata, continúa o intercambio de comentarios, o primeiro deles en galego:

¡Rapios demos, tatareaba entre dientes un conterráneo, que ó que compuxo ese decreto debía estar muy versado nas embrollas das demandas de terceira, que solen por acá presentar as mulleres casadas, xurando é perxurando de que non foron libres en otorgar as obrigas que fixeron cos seus maridos, ou as ventas dos bens delas; é, si, violentadas por eles; é que por lo mesmo agárranse ó dereito das mulleres. E poñen á man na crus; é disen que á verdad manda Dios; é que aun aquela lus lles falte; é que non cheguen a casa vivas. E esclaman ¡que ó seus omes foron uns galupins, uns destragadores! ¡é que ó farán bo con todos os visiños! ¡é que sobre todo, non piden mais que ó seu! E ó conto he, que con tales trampas, ou estremonías sóleles ir ben; que despois de vivir á conta do próximo, cáusanlle por parte de tarde á os pobres acreedores os gastos do preito; é aun as veces colganlle as costillas as costas, que he como quedar por pillos; é he canto hay que desir.

Xa non se trata dun aldeán nin dun representante das camadas populares, senón dun conterráneo instruído e metido en política, que comparte espazos de prestixio social con todos os outros intervenientes. Non se indica, coma noutros personaxes, a que grupo político pertence (“anilleros”, “absolutistas”, “progresistas de 1º, 2º y 3º grado”...) nin que tipo social representa (“banquero”, “tahures”...). O seu parlamento é máis longo có dos outros participantes, pero non hai nada no estilo ou no ton duns e outros que xustifique a escolla idiomática; tampouco hai indicios que nos aclaren se o mesmo personaxe tamén intervéen en español. As distintas intervencións nos diálogos son caracterizadoras de grupos e tendencias que participaban nos debates públicos da vida política, polo que non se debe desbotar que nesta mascarada os pontevedreses puidesen recoñecer personaxes reais ao que lles poñer nome; quizais tamén, ¿por que non?, poderían recoñecer este que se singulariza polo uso do galego nun contexto en que non era lingua habitual⁴¹.

3. Caracterización lingüística

O autor, José Ramón Franco, esmérase non só en deixar clara a súa condición de pontevedrés, e moi especialmente a vinculación da súa liñaxe coa Moureira, o arrabal dos mareantes, senón tamén en vencellar a súa obra á vila por medio de múltiples referencias textuais. Tamén os seus personaxes, como era de esperar, falan o galego de Pontevedra, e el mesmo deixa caer de cando en vez palabras galegas ou agalegadas na súa enguedellada prosa castelá (*barrullando*, *entruído*, *filloas*; *acurrucadiño*). O «fillo da Moureira» mostra familiaridade co galego espontáneo e dálle un traslado verosímil nos parlamentos dos distintos personaxes.

Seguen algúns comentarios que pretenden explicar algunhas das expresións rexistradas e, sobre todo, mostrar o valor que ten para os estudosos a lingua empregada

⁴¹ Avala esta hipótese o feito de que outro xogantín, noutra pasaxe, bote unha longa perorata imitando o andaluz (p. 10), sen que se anuncie nin se explique por que. Non é un personaxe que se exprese na súa lingua ou dialecto naturais, pois antes desa intervención usaba o mesmo castelán cós demais; por outra banda, o personaxe principal di: “Y para que nada faltase á su ligera indiscreción, se ha producido en un dialecto que desconoce; porque no son solo las palabras las que forman los dialectos. (...) ¿Pero está V. versado al menos en la terminología del *caló andaluz*?” . ¿A quen imitaba, logo, ese *peine* que rompe a falar de tal xeito?

nestes fragmentos; procuramos tamén, modestamente, atender a petición do admirado Xosé María Álvarez Blázquez, visto que Isidoro Millán non chegou a satisfacer o seu requirimento de “meterlles o dente” na parte “filolóxico-gramatical”. Vallan tamén como xustificación da edición que engadimos en apéndice.

1. Non se coñecen outras contribucións en galego de José Ramón Franco, pero formaba parte dun círculo de intelectuais no que hai varios nomes destacados, na nosa historia cultural, por facer esa escolla a prol da lingua do país e, por iso, hai que supolo coñecedor das manifestacións e progresos que se ían producindo neste eido. A lingua empregada nestes fragmentos presenta un grao moi baixo de solucións heterográficas, proba de que sabe das tentativas grafemáticas en curso e de que toma posición reflexiva sobre as distintas opcións baralladas, e de feito asume con decisión algunhas das que van tomando primacía na progresiva formalización da representación escrita do galego. Entre os trazos máis destacables nesta liña, podemos citar o uso constante de <x> para a fricativa palatal xorda (*xa, xente*) e <nh> para a nasal velar intervocálica (*unha*); a escritura soldada dos pronomes enclíticos, presentados como unha soa palabra gráfica (vacilante cando ao acento: *sosegádebos, fasendoa*); a simplificación do grupo [ks] en posición implosiva, grafado con <s> consonte a pronuncia popular (*esclaman*); o uso de <h> e de <v, b> seguindo o criterio etimolóxico (*ha, hubo, horas...*, coa excepción de *omes; sabedes, traballar, divirtindo...*, coa excepción de *verrando, votar e sosegádebos*); a vogal /i/ represéntase como <y> en posición intervocálica (*vaya*), en ditongo final de palabra gráfica (*fay, foy, sey, muy, hay*, salvo nun rexistro de *sei*) e, de forma excepcional, en *muyta*.

Outros trazos grafemáticos destacables, importantes para interpretar correctamente os seus escritos, son os seguintes:

(a) Usa o acento agudo como recurso para dar corpo a palabras formadas por unha soa vogal —tanto en galego coma en castelán—, sen outro valor distintivo (p. ex.: <ó> pode ser art., contr. ou pron., <á> art., prep. ou contr. / <os> art. ou cont., *as* art.). Como se ve, non hai intención de marcar graficamente a distinta calidade da vogal (por ex., a abertura das contraccións), polo que nalgunhas pasaxes é imposible saber se existe ou non unha preposición (p. ex., en “é que non cheguen *a casa* vivas”).

A diferenza de moitos dos seus contemporáneos, non é amigo de apóstrofes, guións, diéreses nin outros acentos distintos do agudo. Fóra dos casos indicados, o acento é usado como marca de intensidade, cun sistema semellante ao do español pero pouco constante, e mais como diacrítico en *qué* interrogativo ou exclamativo (“¿*Qué* queres Farruco!” “¿*qué* lles sucede?”) e, de forma ocasional, como marca adicional en <hé>, verbo. As vogais maiúsculas nunca se acentúan.

(b) É recorrente o uso dun <h> diacrítico para marcar a P3sg do verbo *ser* <he, hé> fronte á conxunción copulativa <é, E>, con moi poucos casos de excepción. Nunca bota man deste recurso se o verbo leva un pronome enclítico, <eche, elle, évos>.

(c) Procura representar de forma sistemática o seseo en distintos personaxes, sexan paisanos ou non, mostrando que na altura este trazo diatópico atinxía a todos os estamentos sociais da vila de Pontevedra, <xiringasos, serto santo, comensara, lus,

lembransa...>. Son poucos os casos de excepción e semellan involuntarios, pois nos mesmos parlamentos deses personaxes domina a pronuncia seseante: <sucede>, Paisano 1, F2; <reluce, parece, sucede>, Paisano 2, F2; <terceiría, veces>, F3. Non hai ningún intento de marcar a gheada cun grafema inequívoco, aínda que é evidente que neste contexto un trazo fónico non é verosímil sen o outro.

(d) Non sempre representa as contraccións. Non o fai cando grafa como <á ó, á os> o encontro de prep. *a* e artigo *o(s)*, mais con todo hai tres pasaxes en que se decanta, quizais inadvertidamente, pola crase: “porque *os paisanos* toca aguantalas é calar”, “Si *ó último* veunos disindo, que...”, “A do dia baixachese pouco *os libros*”. Nunca repara na existencia dunha forma fónica diferenciada para a amálgama da preposición co artigo feminino *a(s)*, a pesar de que hai contextos en que ocorre de forma obrigada: p. ex., “é aun *as veces* colganlle as costillas *as costas*”. Coa prep. *por* opta por <po lo>, mais por erro nun caso mantén o grafema da vibrante (“po lo mesmo”, “por lo mesmo”); tamén opta pola forma contracta con *con*, aínda que a grafe con espazo (“cos seus maridos”, “co a criba”). Non atopamos exemplos de excepción con *de* e *en* máis artigo, <do, dos, das; na, nas>; e único rexistro con pronome tónico é contracto, “dos bens *delas*”; non practica o mesmo entre *en* e o demostrativo, “*en estas* finsiones” (aquí, se callar, polo hibridismo da expresión) e “*en esa* igreia”. Presenta soldado, coma se fose unha soa palabra <rapios>, o inicio da expresión “rapi’os demos”.

(e) Grafa unidas as secuencias de clíticos, en calquera posición (*chenos*), e tamén a secuencia *non* máis clítico (*nonlle, nonche*).

2. Coma outros autores do momento, rexistra graficamente a alomorfia do adverbio *non*, con forma plena ante verbo comezado por consoante e forma reducida ante verbo comezado por vogal: “¿*no* *estuvo* por demais tanta faladuría...?”, “*no evita* tales charladurías”. Representa tamén en forma breve a amálgama do adverbio *non* co clítico acusativo, <no> ‘non o’: “pero eso *no* manda á Igreia, nin se fay na aldea” (para ambos os fenómenos e a presenza no galego escrito na altura, remitimos a Álvarez 2011).

Usa *lle* e *les* como formas de plural; a forma sincrética ocorre en casos de redobro (“cáusanlle por parte de tarde á *os pobres acreedores* os gastos do preito”, “é aun as veces colganlle as costillas *as costas*”) ou en anáfora cunha forma marcada (“é ¿qué *les* sucede? que os páxaros cómenlle á semente”) (cf. Álvarez 2011). Aínda que existe en galego formas non palatalizadas (*le, les*), cremos que en “sóleles ir ben” hai un erro gráfico.

Nas P4 e P5 do antepretérito opta por formas esdrúxulas (*aforrariámos, fariades*), en contra das características da lingua de Pontevedra, quizais por considerar vulgares as formas paroxítonas. Na pasaxe “Con que, vamos á votar un neto, é *lavaredes* á cara.” interpretamos a segunda forma verbal como futuro, a lectura máis fácil, mais podería tratarse tamén dun infinitivo conxugado (coa forma dialectal *laváredes*, sen marcar que é esdrúxula). Non emprega formas de pretérito de subxuntivo con MMT *-se-*, sempre en *-ra-* (“si todo o que reluce *fora* ouro”, “¡Mais valera que, por donde acabou, *comensara*!”). A diferenza do seu paisano Pintos, que mantén formas

alternantes en verbos da CIII tipo *subir*, Franco dános un único testemuño da opción con /u/ (*reluce*), unha disparidade que anuncia a deriva posterior da fala desta contorna (cf. *sube* ~ *sobe*, *durme* ~ *dorme*, ALGa: I 192, 193). Consonte a variedade pontevedresa actual, usa *supemos* e *hubo* (ALGa: I 348, 276) e mais *tuvo* (ALGa: I 376).

Opta sistematicamente pola secuencia de clíticos *chese* (*baixachese*, *convirtenchese*, *Véncheseme*). Esta é a única excepción posible en galego da regra pola que *se* ocupa sempre en primeiro lugar e hoxe ten carácter dialectal, moi concentrada no cadrante SE (Ourense, metade sur de Lugo, interior de Pontevedra), pero tanto os datos da fala coma os literarios apoian a hipótese de que na Galicia occidental recuou cara ao leste nos dous últimos séculos. Nesta liña é importante o uso de Franco, idéntico ao do seu compatriota Pintos, pois ambos nos veñen dicir, sen lugar a dúbidas, que esa era a secuencia de Pontevedra na altura.

Pontevedra atópase no límite sur do galego compostelán e por iso non é estraño que no seu territorio coexistan ou se anticipen trazos característicos do galego tudense. É o caso de *muyto* e *entruído*, que o noso autor escolle sobre as concorrentes *moito* e *entroido* (ALGa: II 271, III 39); en cambio, dá preferencia a *aquelo* sobre os demostrativos neutros caracterizados con /i/ tónico (ALGa: II 234). Máis sorprendente é para nós que optase por *graos*, sendo que a única forma presente en toda a bisbarra —e nada connotada pexorativamente— é *grans*.

3. No cadro de costumes sociais e festivos hai elementos que teñen interese lexicográfico e etnolingüístico e que merecen algún comentario. Así, por exemplo, na descrición do *carnaval* dise “¿Seique non sabedes que ó ORDEN do Carnaval é ó desorden, ó barullo, as estremonías, os rabos é lárgalos, as enfariñadas, os xiringasos, escalfaduras de ovos, comparsas verrando etc.?” Cremos que *barullo* se debe entender máis como ‘confusión, embrollo, cambio de orde...’ ca como ‘algarabía’; *estremonías* son ‘expresións, ademáns ou accións extravagantes, inmoderadas ou fóra do normal’; a *enfariñada* fai alusión ao costume de botar fariña por riba dos máis, que aínda se practica hoxe nalgunhas comarcas de Galicia; os *xiringazos* eran de auga sucia cichada cun tutelo ou xiringa de gran tamaño; a *escalfadura* refírese ao lanzamento de ovos, polo xeral non frescos, que se estrelan e cascan sobre a cara ou corpo da vítima.

Os “rabos e lárgalos” requiren unha explicación máis demorada por ser máis opacos e menos coñecidos nas prácticas actuais do entroido. Con *rabos* pódese referir ao elemento animalesco e demoníaco que forma aínda hoxe parte dalgunhas vestimentas do entroido —coma o do cigarrón, por exemplo, que cobre o lombo cunha pelica rematada nun ou dous rabos—; pero, sobre todo, tendo en conta o sintagma, debe referirse ao costume de colgar rabos, ao despiste, sobre os transeúntes. Os *lárgalos* (ou *lárgalas*) fan tamén referencia ao costume de colgar cintas, trapos ou obxectos de persoas e animais. Un tipo de *lárgalo* ou *lárgala* consistía nun papel ou cartón en forma de rabo, orellas de burro, cornos..., que se poñía con disimulo por detrás, polo xeral ás mulleres, enganchándoo de maneira que lles levantaba a saia e deixaba ver as súas intimidades. Debe o nome, que delata a procedencia foránea, a que, feita a broma, rodeaban a vítima berrando “¡lárgalo, lárgalo, lárgalo..., (que no es tuyo)!”; algúns dos

nosos lexicógrafos recollen en Galicia a variante con pronome feminino, *lárgala* (DdD: sv):

Maza, objeto que por carnestolendas se prende a los vestidos de las personas para burla (Leiras (1906)⁴².

Llamábase así cualquiera de las bromas o chascos que se daban en carnaval y sobre todo los rabos y burros que se colgaban de las espaldas (Carré Alvarellos, 1979).

O uso no noso texto mostra que esta moda, ao parecer moi viva no carnaval andaluz, chegara tamén na altura, cando menos, ás nosas vilas. A condesa de Pardo Bazán, en “El Carnaval de las cigarreras” (*La tribuna* 1882), dános tamén unha descrición deste tipo de broma entre as operarias da Fábrica de Tabacos de Marineda (cursiva nosa):

Unos días antes de Carnavales se anuncia en la Fábrica la llegada del tiempo loco por bromas de buen género que se dan entre sí las operarias. Infeliz de la que, fiada en un engañoso recado, se aparta de su taller un minuto; a la vuelta le falta su silla, y vaya usted a encontrarla en aquel vasto océano de sillas y de mujeres que gritan a coro: «Atrás te queda. Delante te queda». A las víctimas de estos alegres deportes les resta el recurso de llevar bien escondido debajo del mantón un puntiagudo cuerno, y enseñarlo por vía de desquite a quien se divierte con ellas. También se puede, por medio de una tira estrecha de papel y un alfiler doblado a manera de gancho, aplicar una lárgala en la cintura, o estampar con cartón recortado y untado de tiza, la figura de un borrico en la espalda. Otro chasco favorito de la Fábrica es, averiguado el número del billete de lotería que tomó alguna bobalicona, hacerle creer que está premiado. Todos los años se repiten las mismas gracias, con igual éxito y causando idéntica algazara y regocijo.

Noutro lugar, dona Emilia informa tamén de que as serpentinas se chamaban antano *lárgalas*, suponse que en castelán (“El difunto carnaval”, en *La esfera* nº 369, 1921).

Hai aínda outras formas léxicas de interese. O desabafo “¡escachapedras!” ten para nós un valor engadido, porque o vincula coa tradición local, xa testemuñada en Sarmiento: “*Escachar* es verbo distinto de *escochar* y significa hacer una cosa pedazos o cascós. Y así a un niño enredador se le llama en Galicia *escachapedras*” (DdD: sv ESCACHAPEDRAS). O s.f. *esmechada* podería denominar, como adoito, a laña aberta na cabeza polo golpe dun pau ou dunha pedra, ou da cachaporra botada en falta polo vello, pero no contexto semella máis acaída unha referencia á refrega (“Pelea a palos, pedradas, en que las personas se descalabran”, recollido na Cañiza por Elixio Rivas, DdD: sv ESMECHADA). En F2, Farruco traduce con retranca os precisos “pies”, “pulgadas”, con puntos e milésimas, á medida rural dos *furcos*, a tomada entre as puntas dos dedos polgar e índice.

Na imitación das mulleres achega en estilo indirecto unha serie de sintagmas que reproducen as expresións e xuramentos que verosimilmente dirían, con certa teatralidade, persignándose ou coa man na cruz: “á verdade manda Deus”, “que aínda

⁴² O DRAE 1899, a edición máis próxima ao dicionario de Leiras, define MAZA como “Palo, hueso ú otra cosa, que por entretenimiento se suele poner en las carnestolendas atado á la cola de los perros. || Trapo ú otra cosa que se prende en los vestidos, para burlarse de los que los llevan”. Os indicios autorizan só a segunda acepción para o noso *lárgalo*.

aquela luz me falte”, “que non chegue á casa viva”, “¡O meu home foi un galopín, un destragador!”, “hao facer bo con todos os veciños”, “eu non pido máis có meu”.

A pesar da pouca lonxitude dos fragmentos, abundan en fraseoloxismos, dos que facemos escolma. Foi xa mencionado “rapios demos”, exclamación que ten a súa orixe en sintagmas co verbo *rapar* (*rape o demo, rápea o demo, rapen os demos*) e que, segundo Eladio Rodríguez, “expresa asombro, sorpresa y aún admiración” (DdD: sv RAPAR). Emprega *do día e do tempo* como ‘actual, moderna’ (“muyta xente do día”, “eche xente do *tempo*”). Na pasaxe “—Non ao digamos que digamos. | —Pero ¡tampouco digamos que digamos!”, entre os dous completan unha expresión que debía ser usual daquela. A frase *Non digamos que digamos*, segundo Eladio Rodríguez, “aparenta que no se quiere murmurar de otro, aunque en el fondo se experimenta en ello cierta complacencia” (DdD: sv. DECIR); na mesma voz, no apartado de refráns, don Eladio recolle *Non digamos que digamos, pero tampouco digamos que digamos*, que só se diferencia da expresión do noso fragmento na omisión dun comprensible ao ‘ao estilo de’ que semella ben acaído nese contexto.

Apenas se observan deturpacións popularizantes no léxico (*munimentos, finsion*, cast. *querella > crella*). *Finsión* debía ser unha pronuncia popular bastante estendida, de modo que o autor puido realmente pensar que se trataba da forma galega xenuína; de nove ocorrencias da palabra en *Papés* (Aneiros 2008), seis mostran vogal palatal (*finsion ~ finson* 1807, *fension* [2v] 1820, *fencion* [2v] 1843). Tampouco o último parece imputable a unha intención vulgarizante, pois *haber crella* debía de ser forma usual e non marcada; pasou aos nosos lexicógrafos, nos que atopamos *crellar* desde Sobreira e *crella* desde Valladares, que se anticipan á presenza da xenuína *querela* (por primeira vez en Filgueira et alii, 1926; DdD: sv).

4. Un dos focos de interese da lingua empregada reside no feito de se tratar de diálogos en prosa, pois o intercambio natural e espontáneo entre distintos alocutarios dá lugar a unha selección de recursos de tratamento, con distintas fórmulas e persoas verbais segundo as características e posición do interlocutor, uso de formas de solidariedade, etc. Deste modo, J. R. Franco dános unha mostra viva dos usos sociais e lingüísticos da época, que nos axudan na reconstrución histórica.

No primeiro fragmento, os dous compadres aldeáns trátanse de vós, empregando un tratamento de máximo nivel, exceptuadas as fórmulas protocolarias; o costume de se aseñoraren os compadres chegou ata a segunda metade do século XX e decaeu xunto coa perda do sistema tradicional e a expansión de ti a ámbitos en que antes non se practicaba (pais, avós, padriños...). Así pois, o uso dos pronomes de P5 (*vós, vos, volo, vosa*) e as formas verbais correspondentes (*sosegade, sabedes, fariades...*) ten en F1 un dobre valor: no intercambio entre compadres é unha 2Psg de cortesía; na reprimenda e ameaza aos rapaces é unha 2Ppl. sen cerimonia, pois o vello trataría os rapaces por *ti*, sen importar que fosen descoñecidos.

No segundo fragmento, os dialogantes trátase con familiaridade, usando formas de P2sg (*che; queres, acabas, fay, superas...*). Creamos, por iso, que non son compadres, aínda que un deles diga, nunha ocasión, “¡Non che hé aquela xente antiga, compadre!”;

debe tratarse do uso da mesma voz como apelativo, usual entre persoas iguais que teñen trato de amizade ou de boa veciñanza, coma o que recolle Martín Sarmiento xa no séc. XVIII: “En Galicia y en la Andalucía es comunísimo el tratamiento de compadre y comadre, aunque ni uno ni otra sea padrino o madrina” (*DdD*: sv COMPADRE). É distinto o trato dado ao “señor” estranxeiro, apelado como sua mersé, co que usa en diálogo directo formas de P3sg (*lle*; *quer*)⁴³; en cambio, cando o paisano fala para si, imaxinando que a conversa continúa en privado, cambia ao formulario familiar, non cortés (“¡Tes razon é sóbrache!”). Engadamos que a mención en alta voz da autoridade política se fai co acompañamento protocolario correspondente, “ó señor xués político”.

Os dativos de solidariedade ou de interese fan presenza nos dous fragmentos dialogados. En F1 fano en boca do paisano que tenta facer acougar o seu compadre, “évos tempo de non traballar”. En F2 aparecen en boca do que leva a voz cantante, con maior profusión no parlamento máis longo, entusiasmado coa súa verba, tanto referidos a Farruco (che, p. ex.: “A do día baixachese pouco os libros: faiche como alguns dos nosos visiños”) coma ao home estranxeiro (*lle*: “esto nonlle he unha tenda, *elle* un templo”).

4. Edición dos textos

A modo de conclusión, editamos os textos de forma respectuosa co orixinal e cos criterios do autor, expostos con antecendencia, mais practicando algunhas acomodacións gráficas que serán útiles para a comprensión por parte dos lectores actuais. Non se pretende unha adecuación á norma moderna, polo que a nosa intervención é moi limitada; concrétese nos aspectos seguintes:

- ✓ Regularizar <h> e <v, b> segundo criterios etimolóxicos e <s> para marcar a pronuncia seseante, consonte a súa vontade.
- ✓ Reempazar <y> por <i> nos ditongos e en posición medial.
- ✓ Completar a acentuación de intensidade, consonte a norma.
- ✓ Eliminar o acento que marca unha vogal illada e grafar artigos, preposición a e contraccións, de forma interpretativa, consonte a norma actual. Proceder do mesmo xeito con é/e e, en consecuencia, eliminar ese uso diacrítico do <h>.
- ✓ Eliminar os espazos en branco nas formas contractas, mais sen realizar contraccións non presentes no orixinal.
- ✓ Separar as secuencias de clíticos proclíticos e outras agrupacións de palabras gramaticais, consonte o uso actual.
- ✓ Marcar con apóstrofo as contraccións de non co clítico acusativo e o alomorfo <no> ante verbo comezado por vogal, e mais a crase en <rapios>.
- ✓ Corrixir os supostos erros gráficos. Modificar a puntuación só en caso de erro ou risco de mala interpretación.

⁴³ Chamamos a atención sobre o feito de que o estranxeiro tenta falar castelán e, de inicio, tamén o noso paisano quere corresponder, facendo o que pode: “*Su mersé perdone*, esto nonlle he unha tenda, *elle* un templo”. Logo remata en galego.

F1

—¡Compadre! sosegádevos ¡si é tempo do entruido! ¿Seique non sabedes que o ORDEN do Carnaval é o desorden, o barullo, as estremonías, os rabos e lárgalos, as enfariñadas, os xiringasos, escalfaduras de ovos, comparsas berrando etc.? évos tempo de non traballar a xente, divertindo unha á outra, e faséndoa tamén rabear, como acaba de susedervos.

—Ben; pero eso n’o manda a Igresia, nin se fai na aldea. [*e dirixíndose aos rapaces*] ¡A vosa fortuna é o non haber traído a miña cachiporra! xa volo diría ¡escachapedras!

—Mellor foi así, compadre; porque fariades unha esmechada; habría despois crella: e.... xa vedes... porque ós paisanos toca aguantalas e calar. Con que, vamos a botar un neto, e lavaredes a cara.

F2

—Vaia que che nos encheu de munimentos e montañas. ¡E fala como un libro!

—¡Ca! si todo o que reluse fora ouro..... Non ao digamos que digamos.

—Pero ¡tampouco digamos que digamos!

—E que che parese ¿no’estuvo por demais tanta faladuría, si ó último veunos disindo, que nada valía canto deixara dito? ¡Mais valera que, por donde acabou, comensara! e aforrariámos o tempo que nos tuvo embobados contándonos os furcos do *Giragibi*, e dos *Apeles*, e dos *Abiños*, e de tantas cousas que nunca supemos.

—¡Que queres Farruco! éche xente do *tempo*, que como ten pouco que traballar, ha de pasar as horas en faladurías; polo mesmo sonche uns chorros de palabras, como acabas de ver; pero palabras que che van voando como a muiña do millo cando se limpia coa criba; pois que non che son graos sinó[n] muiña, palla que o vento escorrenta. ¡Non che é aquela xente antiga, compadre! A do día báixachese pouco ós libros: faiche como algúns dos nosos visiños que non baixan o lombo ó traballo, sembran á presa; e ¿que lles susede? que os páxaros cómenlle a semente, e apenas pillan colleita. ¿Queres saber o que son os discursos de muita xente do día?

A capa do estudante,

Que é un xardín de flores:

Toda chea de remendos

E de diversos colores.

E si o queres comprender mellor, fai lembransa de sarta igreia que a enchen de trapallada cando se festexa serto santo: convírtenchese os altares en tendas de estampeiros; que aquilo non se sabe o que é. ¡Si superas o que me pasou na última festa que hubo en esa igreia! Véncheseme a min un señor, e disime: “¡Oh ser cuatrrro mucho presioso este! ¿y cuánto costare?”. “Su mersé perdone”, contesteille, “esto non lle é unha tenda, élle un tiemplo”. “Y como estare le gente...” “Xa sei o que súa mersé quer disir: acostumbra en estas finsiones á estar así...” “¡Oh! en mi tera, joh! serreso mucho, mucho répresible.”

